



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA TRINTA DE MAIO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:02 h. do día 30 de maio de 2024, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL "ALTERNATIVA DOS VECIÑOS" (A.V.)

- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL "POPULAR" (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanessa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL "SOCIALISTA" (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asisten:
- D^a M^a José Varela Neira, concelleira do grupo municipal "Alternativa dos Veciños".
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez, concelleira do grupo municipal "Alternativa dos Veciños".

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024002794, de 27 de maio, que son os seguintes:

“1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 25 de abril de 2024.

2º.- Aprobación definitiva, se procede, da modificación do artigo. 22 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).

3º.- Adopción de acordo de ampliación dos límites temporais de gasto plurianual do expediente de contratación 2024/CONTRAT/000054, do “Servizo integral de comunicacións”.

4º.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 1º trimestre de 2024.

5º.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 1º trimestre de 2024.

6º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024002029 ata o 2024002739.

7º.- Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro do grupo “Popular”, D. Antonio J. Corredoira Alfonso.

8º.- Mocións, rogos e preguntas.”

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta do pleno extraordinario que tivo lugar o día 25 de abril de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, Dª **Mª Carmen Acuña**, anunciando o voto en contra do seu grupo ás aprobación das actas en tanto non se recollan de xeito literal as intervencións, dado que existen medios tecnolóxicos suficientes para facelo.

Da orde do alcalde, pásase de seguido á votación do asunto, amosándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”, o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o día 25 de abril de 2024*.

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, da modificación do artigo. 22 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM)

Expón brevemente o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Margarita Figueroa**, sinalando que o pleno do pasado 29 de febreiro aprobou inicialmente a modificación do artigo 22 do Regulamento





CONCELLO DE
OLEIROS

Orgánico Municipal (ROM) coa fin de fixar o número de mocións que poderían presentar os grupos políticos municipais en cada sesión plenaria. A proposta achegada era unha nova redacción na que se regulaba a presentación de mocións en orde á representación de cada grupo político neste pleno, é dicir, un reparto proporcional á outorgada pola veciñanza nas derradeiras eleccións municipais.

Durante o período de exposición pública, presentouse unha alegación por parte do grupo municipal “Socialista” expresando a súa disconformidade con diferentes temas, o informe xurídico emitido pola secretaria municipal é claro e nel constátase que é posible establecer unha limitación na presentación do número de mocións en base á representación dos grupos políticos presentes neste pleno como propoñía este goberno, polo que procede desestimar a alegación presentada e aprobar definitivamente a redacción incluída na aprobación inicial da modificación do art. 22 do ROM, de tal xeito que os grupos políticos que contén entre 1 e 5 concelleiros ou concelleiras, poderán presentar dúas mocións, os que contén entre 6 e 10 edís, poderán presentar ata 4 mocións e os que teñan entre 11 e 21 edís, ata 6 mocións, publicando de xeito íntegro este acordo tanto no BOP coma no taboleiro de anuncios municipal, hoxe integrado na web corporativa.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o voto en contra do seu grupo porque entenden que se están a eliminar sistematicamente todo tipo de medidas de control que a oposición pode realizar en canto á xestión do goberno municipal. Esta modificación só ten como obxectivo menoscabar os dereitos de participación política dos grupos políticos da oposición e aínda que é certo que desde o seu grupo non presentaron alegacións, ó entender que é un despropósito que responde a un intento máis de seguir eliminando competencias ó pleno municipal, eran conscientes de que non ían ser admitidas e pensan que si se considera necesaria realizar algún tipo de modificación ó ROM debería ser de xeito consensuado co resto dos grupos políticos representados nesta corporación.

Dito isto, aproveita para instar ó goberno municipal a constitución dunha vez da xunta de voceiros e voceiras, elimínase o control da xestión, evitándose dar explicacións, desde o principio deste mandato vense levando a cabo unha extratexia para que os grupos políticos da oposición poidan participar; estas limitacións non só a respecto dos asuntos plenarios, senón tamén en canto a medios e as accións de control ou mocións que poidan presentarse como rematan de sinalar co parágrafo a incluír no ROM. Por outra banda e para rematar, dicir que limitar ós grupos da oposición a dúas mocións, implica para o caso do grupo “Popular” que non tódolos membros da corporación poderán presentar iniciativas.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que queda claro que o alcalde con esta modificación do ROM segue coa idea de recurtar dereitos ós grupos políticos da oposición e á veciñanza de Oleiros, pois ante isto solicítalle que polo menos hoxe permítalles poder falar sen cortapisas para analizar esta medida que entenden que é de moito calado e tanta repercusión.





CONCELLO DE
OLEIROS

Ante isto o alcalde, D. **Ángel García**, lémbrralle á voceira do grupo “Socialista” que conta con 5 minutos para poder falar deste asunto.

Segue coa súa intervención a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dándolle as grazas polo detalle e sinalando que quere facer tres reflexións. A primeira é que para estas cuestións só precisa de dúas cousas, un informe da secretaria accidental que emite a petición do alcalde, non por iniciativa propia, de aí que insistan en que lamentan ver como unha funcionaria ten que empregar o seu tempo e esforzo en atopar un marco legal que sirva ós desexos do alcalde, aínda que eses desexos nesta ocasión sexan para recurtar dereitos ós grupos políticos da oposición, en vez de incrementalos. A segunda cuestión que precisa é a súa maioría absoluta, que a ten, pero esa maioría tamén afonda no inútil que representa esta reforma, porque con esa mesma maioría non tería nada máis que deixalos falar e expoñer as mocións e logo votalas en contra e fóra.

En canto á segunda reflexión que lle ven á cabeza é se debe facelo, considera que non, porque considera que esta medida é anticonstitucional, ilegal e antidemocrática. Anticonstitucional porque vai en contra do art. 23.2 da Constitución Española que deixa moi claro que a cidadanía participa na xestión pública a través dos seus representantes, tras ser escollidos cos seus votos. Por iso, se pon freo á capacidade de aportar e de fiscalizar á xestión do goberno municipal por parte dos e das concelleiras da oposición, estalle a recurtar dereitos á cidadanía oleirense, ademais que consideran que é ilegal como se pode constatar nas alegacións presentadas polo seu grupo, onde mencionan varias leis como a 4/1990 e varias sentenzas onde se comproba que os xuíces resolven que sí se podería recurtar o tempo de intervención das mocións posto que se trata de dereitos dos concelleiros e non dos grupos políticos, polo tanto en Oleiros tería que debaterse tantas mocións como membros existen nesta corporación na oposición, é dicir, nove.

Polo que é unha medida antidemocrática por tratarse dunha decisión que só serve para recurtar os dereitos da veciñanza ó reducir o espazo de debate democrático dos seus representantes. Ademais, quere dicirlle ó alcalde que está a desaproveitar a oportunidade de incorporar as propostas que desde o seu grupo propoñían nas súas alegacións e que só buscaban incrementar o espazo de participación da cidadanía pero despois de todo o que teñen claro é que o alcalde rema na dirección contraria.

Para rematar, unha última reflexión, ¿Cal é a razón para facer unha reforma que en ningún outro concello da contorna fixo nunca? Se ista reforma non beneficia ós veciños e veciñas do concello entón ¿A quen beneficia? Teme que só ó alcalde e ó seu goberno, porque sêrvelle para menoscabar o control da oposición. En Oleiros, o tempo dos plenos non é problema e insiste en que o alcalde ten maioría absoluta pero se o seu grupo non pode propoñer nada, nin a veciñanza, nin a prensa, nin a rúa, nin ós oíntes de radio Oleiros van ter a oportunidade de coñecer as súas propostas, non vaia ser que lles parezan interesantes. Sr. García, aínda está a tempo para retirar esta reforma porque, ademais, xa llo dixo en varias ocasións é innecesaria e como evidencia dicir que o seu grupo neste tempo de mandato levan presentadas unhas 40 mocións e o goberno municipal só deixoulles debater unha





CONCELLO DE
OLEIROS

ou dúas, polo que é outra evidencia máis de que esta medida non ten senso de ningún tipo, só se entende se vostede ten un talante totalmente caciquil ou medo.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que desde que se iniciou o mandato xa ven autoregulando como grupo estas cuestións, adiantando as súas propostas e preguntas para que o goberno municipal teña tempo suficiente para poder preparalas, para facilitarlle o traballo ós e ás funcionarias municipais e tamén, por suposto, ós compañeiros e compañeiras dos grupos da oposición.

Xa dixo en varias ocasións, que son partidarios de regular e modificar o ROM e outras moitas cousas a través dunha negociación dende a xunta de voceiros e voceiras. Eles se autolimitan na presentación de mocións, evidentemente é unha opción súa, non se opoñen a regular o funcionamento do pleno municipal, senón todo o contrario, porque queren garantir a máxima eficacia e a participación de tódolos grupos municipais e da cidadanía.

Tamén dixerón que noutros concellos da comarca existen limitacións para presentar mocións, en Arteixo 2; 3 en Cambre e en Coruña; 2 na Deputación, aínda que cren que estas modificacións deben facerse con calma, diálogo e na procura de consenso e coa pretensión de estabilidade no tempo, nunca como unha medida unilateral e tampouco é bo legislar na quentura dun conflito.

As medidas unilaterais e limitadoras nunca son boas e que poden dar a entender claramente que se quere silenciar á oposición ou a algún grupo en concreto, polo que insisten na necesidade de crear unha vez a xunta de voceiros e voceiras, de feito, existe un compromiso do alcalde neste senso e entenden que limitar ou tratar de silenciar a participación política e fiscalizadora da oposición é matar as moscas a canonazos e nunca é a solución, queren poder falar do que faga falla, ordenar os plenos para que sexan áxiles, eficaces e produtivos, non queren conflito e que Oleiros sexa un exemplo para a cidadanía e non como está a acontecer nos Parlamentos Español ou Galego, que parecen máis unha feira horrorosa.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que sobre o alegado de que se modifica unilateralmente o ROM existente, debe dicir que se aprobou cando a Alternativa dos Veciños non contaba coa maioría absoluta, así que se aprobou coa vontade da maioría existente nese intre no pleno municipal, é dicir, polo Partido Popular, PSOE e BNG e o único que propón agora o goberno é facer uns matices ó texto debido ó uso fraudulento do ROM para montar espectáculos, en vez de vir ó pleno co ánimo de tratar e debater os asuntos e súmase ás palabras ditas polo voceiro do BNG en canto ó que acontece nos Parlamentos do Estado e Galego.

A respecto do que alega o grupo “Popular” de que se elimina o control fiscalizador da oposición, non é certo, límitase só o número de mocións a dúas pero os rogos e preguntas seguen sendo cinco, polo que nada de coartar o labor nin nada de tapar a boca á oposición.

Tamén, alegou o grupo “Socialista” que a secretaria municipal facía os seus informes á medida do alcalde, isto é insultante, poñendo en evidencia á secretaria da corporación, pero esas son as afirmacións e lodos que algúns se queixan por aí arriba e que outros do mesmo partido traen por aquí abaixo. Parécelle indignante a linguaxe que





CONCELLO DE
OLEIROS

usan para atacar a unha persoa, contra unha funcionaria pública que cumpre con honestidade a súa función, polo que é denigrante que veñan aquí a difamar e a enlodar.

Onte mesmo na Deputación provincial, os catro grupos que teñen representación no pleno, chegaron ó acordo de que sexan dúas mocións por grupo representado no pleno, Partido Popular, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e aínda que só ten un Deputado o seu grupo pode presentar dúas mocións, pero é que o Partido Popular, que ten 14, tamén só dúas, e é precisamente hoxe o que se achega para aprobar neste pleno, calquera dos grupos políticos aquí representados poden presentar dúas mocións e insiste en que no pleno provincial o PSOE 10, BNG 6 e o PP que está a rozar a maioría, todos poden presentar ata dúas mocións, e aquí que é o que piden, ou os representados aquí non pertencen a eses partidos políticos, polo que non veñan aquí a pedir o que noutros sitios acordan e o que non van é aturar circos.

Intervén en segunda quenda a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que como ben dixo o alcalde sobre o principio de acordo na institución provincial para regular o número de mocións e iso precisamente é o que pediu na súa intervención, a posibilidade de tratalo e poder chegar a un acordo.

En segunda quenda intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que parece que esqueceuse de dar un dato básico, o ROM actual aprobouse en novembro de 2011 e estaba a Alternativa dos Veciños xa con maioría e acusounos de fraudulentos e ten que lle dicir que están aquí porque foron escollidos democraticamente polo pobo de Oleiros, tanto o alcalde coma ela, polo que está totalmente lexitimada polo que de fraudulenta nada; manipulación moita, non dixo o que remata de falar o alcalde sobre os funcionarios...

Neste intre, ante a advertencia do alcalde, Sr. **García**, a unha persoa do público asistente que non podía intervir e ante a insistencia por parte da mesma de seguir intervindo, o alcalde solicita dos membros da Policía Local asistente que a desaloxen por facer caso omiso ós seu requirimentos de que non podía falar mentres se está a desenvolver a sesión plenaria.

Segue coa súa intervención a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que é unha mágoa que acontezan estas cousas pero que non son máis que porque o goberno municipal está a recurtar dereitos.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 24 de maio de 2024, acadándose o resultado de **once (11) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”, dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG)

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“En relación co expediente núm. 2024/SECRET/000006, emitíuse informe con data 21 de maio do 2024 pola Secretaría Accidental do Concello, que consta do seguinte teor literal:

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





“Pilar Cela Alvarez, Secretaria accidental da Corporación, en virtude das funcións atribuídas a secretaria polo artigo 3.3) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional; corresponde ó Secretario/a a emisión de informes a solicitude da Alcaldía do Concello de Oleiros.

A aprobación e modificación do Regulamento orgánico municipal esixe informe preceptivo da Secretaría por aplicación do disposto no artigo 47.2 letra f) da Lei 7/1985 de bases do réxime local que esixe que estes acordos se adopten por maioría absoluta dos membros do Pleno e o artigo 3.3 do Real decreto 128/2018, que esixe informe de Secretaría canto se aproben acordos que deban ser adoptados por maioría absoluta.

Antecedentes.-

- Por providencia da alcaldía de data 19-02-2024 iniciouse o expediente de modificación do ROM e encargouse a secretaria informe sobre a proposta de modificación do regulamento orgánico municipal no seu artigo 22 en orde a fixar o número de mocións que poderán presentarse polos grupos municipais para cada sesión plenaria.
- O 19.02.2024 emitiuse informe xurídico da Secretaría sobre a modificación proposta.
- O día o Pleno da Corporación aprobou por maioría absoluta a aprobación inicial da modificación do ROM no seu artigo 22 e coa seguinte redacción:

A proposta é engadir no artigo 22 do ROM un novo parágrafo coa seguinte redacción:

“As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de concelleiros e concelleiras. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións.”

- O día 11/03/2024 publicouse anuncio no BOP de exposición pública por 30 días hábiles da aprobación inicial
- O día 11 de abril de 2024 o Concelleiro do grupo socialista, D. Jesús Fernández Díez presentou escrito de alegación fronte a aprobación inicial amosando a súa desconformidade con base nas seguintes:

Que a propia sentenza da sala do contencioso administrativo do TSX de Castela e León ditada no recurso 229/2009 á que fai referencia a secretaria accidental na fundamentación xurídica da mesma recolle no punto duodécimo o seguinte:

*“...Así el citado art. 55.5 del Reglamento Orgánico dispone al respecto lo siguiente: “Se presentarán tres mociones como máximo por cada grupo en cada Pleno, de folio y medio cada una de ellas, en soporte informático, formato 14, Times New Roman. El pleno no admitirá asuntos o mociones que no consten en soporte informático adecuado y papel, disponiendo del mismo antes de que se inicie la sesión del pleno, y que será entregado al Alcalde-Presidente.” Es verdad que examinada la normativa de régimen local se comprueba que no existe precepto legal (y tampoco constitucional) que impida imponer una limitación en el número de mociones para cada pleno, como también parece lógico y normal que los Plenos de las Corporaciones Locales en el uso de sus facultades de autoorganización y para garantizar el normal funcionamiento de los plenos pueda imponerse una limitación en el número máximo de mociones, sin embargo lo que se trata de valorar en el presente caso es si, habiéndose fijado una sesión ordinaria del Pleno para cada tres meses, el fijar, sin ningún tipo de excepción y de forma taxativa, en el número de 3 el máximo de mociones por cada grupo municipal en cada pleno infringe el artículo 23 de la C.E. y más concretamente el derecho de los concejales a la participación política en la vida municipal del Ayuntamiento por el que han sido elegidos. Y la Sala considera que debiendo primar en este caso y en aplicación del art. 23 de la C.E. el derecho a la participación política en la actividad municipal de los alcaldes democráticamente elegidos, **es por lo que la Sala considera que esa previsión taxativa y sin ningún tipo de excepción de no poder presentar más de tres mociones como máximo por cada grupo en cada Pleno, contraviene y lesiona el citado art. 23**, sobre todo cuando la periodicidad de las sesiones ordinarias lo es cada tres meses, ajustándose al mínimo previsto legalmente en el art. 46.2 a) de la LRBRL motivo por el cual la Sala en este caso considera que el citado art. 55.5 es nulo en cuanto limita a tres mociones como máximo por cada grupo en cada pleno y cuando limita (porque así lo acepta la parte demandada) a que cada moción a folio y medio cada una. Por lo expuesto, en el presente caso procede estimar parcialmente la mencionada pretensión”.*

É dicir, que a propia sentenza á que recorre a secretaria accidental considera que establecer unha limitación taxativa no número de mocións é contravir o artigo 23 da CE no relativo ao dereito de participación e falla en consecuencia.





Ademais engade que a Sentenza do TSX de Castela e León do 3 de xuño de 2011 tamén rexeita que o ROM poida limitar a 3 o número de mocións a presentar polo grupo político, aínda que o razoamento da sentenza non pecha a posibilidade de establecer algunha limitación, senón que considera excesiva e conculcadora do artigo 23 da Constitución a medida imposta, polo que é cuestionable que a secretaria accidental a empregue para fundamentar xurídicamente unha modificación que so busca menoscabar os dereitos de participación política dos concelleiros e concelleiras da oposición.

Cuestiona o concelleiro que esta sentenza serva de base para motivar a posibilidade de modificar o regulamento orgánico limitando o número de mocións a presentar polos grupos políticos nas sesións plenarias dado que a sentenza alegada rexeita a limitación a tres mocións obxecto de recurso, no caso de autos.

A este respecto debe indicarse que; a Sentenza referida debe analizarse atendendo ao propio caso de autos, non cabe dúbida que admite a posibilidade de limitar o número de mocións a presentar nas sesións plenarias sen contravir os dereitos dos concelleiros, o que non admite é que sexa unha limitación taxativa, o que non acontece no caso do Concello de Oleiros, pois estase a establecer unha limitación proporcional atendendo ao número de concelleiros dos grupos, non se trata dunha limitación a dúas mocións por grupo senón que se establecen tramos en función do número de concelleiros. “Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións”.

Por outra banda e xa atendendo o caso particular axuizado, o Concello de autos celebra Pleno cada tres meses, o que fai difícil a participación de todos os concelleiros ao longo do ano desenvolvendo a súa función de participación política e control, o que non ocorre co caso de Oleiros que celebra Pleno todos os meses; non tratándose polo tanto dunha limitación dos dereitos constitucionais dos artigos 14 e 23 da CE.

Na alegación sétima indica o concelleiro D. Jesús Fernández Díez que a Sentenza do TSX de Canarias do 30 de xuño de 2006 declarou nulo o Regulamento orgánico municipal que limitaba a tres o número de mocións a presentar por cada grupo municipal en cada sesión, transcribindo

O seguinte parágrafo da sentenza; “...Limitar el número de mociones que cada Grupo Político puede presentar en cada sesión plenaria, supone como ya hemos visto, conculcar la Ley 4/1990. Y no solo por limitar el número de mociones a tres por sesión, cuando la Ley 4/1990 obliga al Presidente del Pleno a incluir todas las mociones solicitadas en tiempo y forma; sino porque además las tres mociones las asigna a cada Grupo Político. Debemos puntualizar que el Derecho de Participación de los ciudadanos, previsto en el artículo 23 de la Constitución Española, se canaliza a través de sus representantes democráticamente electos, como es el caso de los Concejales, por lo que no se trata de un Derecho de Partidos sino individual de cada uno de los Concejales. Los representantes electos son un vehículo esencial de participación de los ciudadanos. Con la actual redacción del artículo 40.3.1 a del ROFP, en Grupos Políticos con más de tres concejales, habría ediles que no tendrían derecho a plantear mociones, vulnerándose con ello, como ya decíamos, la Constitución, la Ley de Bses, el ROF y la Ley 4/1990...”

A sentenza do TSX de Canarias tamén debe analizarse atendendo ao caso concreto axuizado e trátase dunha limitación taxativa para todos os grupos.

En consecuencia non coincido coas conclusións extraídas polo Concelleiro do Grupo Socialista sobre a modificación proposta, en canto á vulneración dos dereitos recollidos no artigo 14 e 23 da CE ao considerar que é posible limitar o número de mocións a presentar en cada pleno municipal por cada grupo político, sempre que tal limitación non supoña unha privación do dereito de cada un dos concelleiros a presentar mocións, en canto manifestación do dereito de sufraxio pasivo recoñecido no artigo 23.2 da Constitución. Unha limitación xenérica e igual para todos os grupos políticos, con independencia do número dos seus membros podería conlevar unha vulneración do indicado precepto constitucional, que non é o que está a facer o Concello coa presente modificación. E dicir, que é posible establecer unha limitación ao número de mocións a presentar polos grupos en cada sesión plenaria, pero dita limitación non pode ser xenérica para todos os grupos, senón que debe ser establecida en función do número de membros de cada grupo; dado que, noutro caso conculcaría o dereito constitucional a participación política.

A proposta do goberno municipal establece uns tramos en función do número de concelleiros dos grupos, para fixar a limitación, polo que respectaría o dereito de participación recollido no artigo 23.2 da Constitución.

En canto a súa alegación novena, a necesidade de que as normas que se diten respecten os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade e eficacia, non pode considerarse a existencia de vulneración de ditos





CONCELLO DE OLEIROS

principios pola presente modificación normativa pois a proposta respecta os principios aquí recollidos, trátase dunha modificación proposta en base a competencia de auto organización que segue un criterio de proporcionalidade e que segue o procedemento legalmente establecido.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno, de conformidade cos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e por maioría absoluta conforme ao disposto no artigo 47.2 letra f) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación formulada ,o día 11.04.2024, polo concelleiro do grupo socialista D. Jesús Fernández Díez, a modificación do Regulamento orgánico municipal no seu artigo 22, polos motivos expostos neste informe.

SEGUNDO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a modificación do Regulamento orgánico municipal , unha vez resolta a reclamación presentada coa redacción que a continuación se recolle:

Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos engadidos na orde do día, antes de pasar ao turno de “Rogos e preguntas”, o Presidente preguntará si algún Grupo Municipal desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de “Rogos e preguntas”. As mocións deberán referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril e 50 do ROF.

As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de concelleiros e concelleiras. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións.

TERCEIRO. Publicar o devandito Acordo definitivo co texto da modificación do Regulamento orgánico municipal no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, hoxe ubicado na sede electrónica municipal, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

Informe que emite a Secretaria Accidental, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito.”

Á vista do informe emitido e demais documentación obrante no expediente de modificación do Regulamento Orgánico Municipal, **PROPONSE AO CONCELLO PLENO A ADOCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación formulada o día 11.04.2024, polo concelleiro do grupo socialista D. Jesús Fernández Díez, a modificación do Regulamento orgánico municipal no seu artigo 22, polos motivos expostos neste informe.

SEGUNDO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a modificación do Regulamento orgánico municipal, unha vez resolta a reclamación presentada coa redacción que a continuación se recolle:

“Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos engadidos na orde do día, antes de pasar ao turno de “Rogos e preguntas”, o Presidente preguntará si algún Grupo Municipal desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de “Rogos e preguntas”. As mocións deberán referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril e 50 do ROF.

As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de concelleiros e concelleiras. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións.”

TERCEIRO. Publicar o devandito acordo definitivo co texto da modificación do Regulamento orgánico municipal no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, hoxe ubicado na sede electrónica municipal, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 3.- Adopción de acordo de ampliación dos límites temporais de gasto plurianual do expediente de contratación 2024/CONTRAT/000054, do “Servizo integral de comunicacións”

Expón o asunto da orde do alcalde, a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, explicando que o contrato actual do servizo de telefonía e datos remata en setembro deste ano polo que procede formalizar unha nova contratación.

A finalidade do mesmo é a de dispoñer dun servizo integral de telecomunicacións para o concello e que integrará os servizos de telefonía fixa e móbil, datos e renovación e mantemento da infraestrutura interna de comunicacións. Este servizo estará notablemente mellorado, dando resposta ás necesidades nesta materia que poidan xurdir durante a duración do contrato, é dicir, nos próximos cinco anos.

Este prazo é acordo coa lei de contratos do Estado, aínda que estes gastos plurianuais regúlanse tamén pola Lei de Facendas Locais, que establece os límites temporais en catro anos e esa é a razón pola que se achega este expediente a este pleno, dado que será quen aprobe este límite cuantitativo e temporal que permite levar a cabo dito contrato, polo tanto, a proposta que se achega é a de fixar o límite cuantitativo da bolsas de vinculación 33.4.6, estritamente por razóns de interese público para o ano 2025 en 249.998,10 € e establecer o límite temporal para o gasto corrente de mantemento en cinco anos.

Anuncia a abstención do seu grupo a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, ó entender que aínda que legalmente pódese condicionar este contrato para o próximo mandato e entende tamén que este tipo de contratacións para servizos similares ven tamén aparelado ás condicións que podan requirir as empresas do ramo para realizar unha mellor oferta, de aí que neste caso segundo o exposto vanse abster.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que en primeiro lugar quere deixar constancia de que o seu grupo nada ten que ver coa persoa que remata de ser desaloxada do salón de plenos polo alcalde, polo que lles gustaría que retirase as súas palabras.

En segundo lugar, no informe emitido polo interventor do concello e segundo remata de explicar a Tte. de alcalde, estase a superar os límites do gasto plurianual. De acordo con isto, os gastos de investimentos teñen dous límites, un temporal que se estaría a superar ó pasar de 4 anos e un límite cuantitativo que tamén estaría a superar, e é neste segundo aspecto onde ó seu grupo ten dúbidas porque realmente existen argumentos a favor e en contra. Entendendo a natureza singular deste contrato e ó ser unha contratación complexa ó ser temas de comunicación e por ese motivo propónse un marco legal ó infinito e ó máis aló e, por outra banda, a tecnoloxía cambiante de telecomunicacións e as melloras continuas de prestacións e novos desenvolvementos veñen en moitas ocasións asociadas a baixadas nos custes, polo que un compromiso longo cun mesmo subministrador pode ser a opción non máis favorable e ven sendo o motivo polo que se van abster neste asunto.

Insiste en que, por unha banda resulta favorable que a temporalización sexa favorable á hora de recibir ofertas pero non garante que sexa a mellor opción en canto ó apartado económico porque no prazo de tantos anos pode darse que exista unha opción mellor para o concello.





Gustaríalles tamén deixar constancia de que cara ós contratos de máis importe económico do concello, como son os de limpeza viaria e mantemento de parques e xardíns, achegáranse tamén ó pleno co obxecto de debater e conformar unha mellora dos mesmos entre todos e todas, aportando, integrando e sumando. En vez disto, cada vez que achegan mocións sobre estes asuntos impídese por sistema o debate, o que afonda na sensación de que non queda nada daquela boa xestión que caracterizou a este concello hai anos, tanto en que a dinámica pechada do goberno municipal de Alternativa dos Veciños non resiste a mínima confrontación argumentación, fuxindo da mesma como remata de acontecer coa aprobación da modificación do ROM que, amparado na súa maioría absoluta lexitima, acaba nas eleccións, elúdese o debate evitando de que todos os representantes hoxe presentes poidan aportar na medida do seu coñecemento, máxime cando se trata de contratos importantes e que se elevan a xunta de goberno local en vez de traelos aquí e ter que ser testemuñas de que nun deses contratos o propio TACGAL o bote abaixo, polo que protestan contra a xestión política nunca contra os e as funcionarias que interveñen na xestión administrativa, quen debe render contar ante o pobo de Oleiros son os seus representantes, tanto o goberno como responsable da xestión coma ós dos grupos da oposición.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, anunciando o apoio á proposta presentada en tanto en canto obedece máis a criterios técnicos que a decisións política ó se tratar dun tema complexo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 24 de maio de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”)

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Proposta de acordo de ampliación dos límites temporais do gastos plurianual do expediente 2024/CONTRAT/000054

Antecedentes.

Incóase o expediente 2024/CONTRAT/000005 para contratar o servizo integral de comunicacións.

Trátase dun gasto plurianual. O cadro resumen, apartado g), do PCAP prevé que o gasto afecte a 5 anualidades do exercicios posteriores (de 2025 a 2029), ademais da anualidade do exercicio corrente 2024.

A expediente comprende gasto de inversións e de mantemento, có seguinte detalle:

Exercicio	Descrición	Importe	Aplicación		
2024	Renovación infraestrutura de comunicación, LAN, Ano 2024.	124.999,05	33	492	62600
2025	Renovación infraestrutura de comunicación, LAN, ano 2025.	249.998,10	33	492	62600
2024	Servizos de telecomunicacións. Ano 2024.	31.249,76	33	920	22200





2025	Servizos de telecomunicacións. Ano 2025.	124.999,05	33	920	22200
2026	Servizos de telecomunicacións. Ano 2026.	124.999,05	33	920	22200
2027	Servizos de telecomunicacións. Ano 2027.	124.999,05	33	920	22200
2028	Servizos de telecomunicacións. Ano 2028.	124.999,05	33	920	22200
2029	Servizos de telecomunicacións. Ano 2029.	93.749,29	33	920	22200

Consideracións xurídicas.

Primeira. Superación dos límites dos gastos plurianuais.

Os gastos plurianuais regúlanse no artigo 174 do Texto refundido da Lei de facendas locais, aprobada polo R.D Lexislativo 2/2004, de 4 de marzo, desenvolvido polos artigos 79 a 88 do RD 500/1990, de 20 de abril.

O réxime do gastos plurianuais suxeitase a unhas limitacións cuantitativas e temporais, segundo a natureza económica dos gastos:

1. Gastos de inversións. Ten dous límites:

- O temporal, de xeito que o número de exercicios futuros aos que poden aplicarse estes gastos non será superior a catro.
- O cuantitativo, que supón que o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial correspondente no ano en que se adquira o compromiso en firme as seguintes porcentaxes:

No exercicio inmediato seguinte, o 70 por 100. No segundo exercicio, o 60 por 100.

No terceiro e cuarto exercicio, o 50 por 100.

A inversión proxectada neste expediente respecta o límite temporal, pois só afecta a un exercicio posterior, aínda que supera o límite do 70% do crédito inicial establecido para o primeiro exercicio futuro (2025), como se indica a continuación:

O crédito inicial da bolsa 33.4.6 ascende a 300.759,00 € (non hai anualidades de taxativos). O 70 % desta cantidade son 210.531,30 €. Polo que a anualidade proxectada para 2025 por importe de 249.998,10 € excede o límite indicado en 39.466,80 €.

2. Para os gastos de contratación de servizos, establécese só o límite temporal de que o número de exercicios futuros aos que poden aplicarse estes gastos non será superior a catro.

Neste caso, o gasto afecta a cinco exercicios futuros, desde o 2025 ata o 2029.

Segunda. Posibilidade de superar os límites por circunstancias excepcionais.

Con todo, o apartado 5 do artigo 174 do TRLFL, replicado polo art. 84 do RD 500/1990, permite que, en casos excepcionais, o Pleno da corporación poda ampliar os límites cuantitativos e o número de anualidades.

Neste caso, xustifícase a excepcionalidade por unha banda, polo propio obxecto do contrato, a necesidade esencial á que atende, e o feito de que o contrato vixente finaliza o 30 de setembro de 2024, tal e como se indica na memoria do expediente de contratación:

“A finalidade do contrato é dispoñer dun servizo integral de telecomunicacións para o Concello de Oleiros, que estará formado por: os servizos de telefonía fixa e móbil, as liñas de datos, e a renovación e o mantemento da infraestrutura interna de comunicacións, LAN.





CONCELLO DE OLEIROS

O obxecto é un servizo integral de telecomunicacións que inclúa os actuais servizos, mellóreos na medida do posible e que dea resposta ás necesidades que poidan xurdir nesta materia durante a duración do contrato, o próximos cinco anos, o contrato actual finaliza o 30/09/2024.”

Do anterior dedúcese que os servizos que estean a contratar son esenciais para o funcionamento do Concello, servizos que o Concello non pode atender polos seus propios medios .

Por outra banda, o contrato do mantemento non supera os cinco anos taxados como máximo no artigo 29 da Lei 9/2017 de contratos, desde outubro 2024 ata outubro 2029, o que sucede é que afecta a máis de catro exercicios orzamentarios posteriores: cinco anos desde 2025 a 2029, ademais do exercicio corrente de 2024, o que minimiza que se supere dito límite previsto na Lei de facendas locais.

Polo anterior, e polo que se propón:

Que pola alcaldía propóñase ao pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1. *O límite cuantitativo do nivel ou bolsa de vinculación 33.4.6 fíxase, excepcionalmente, por razón do interese público subxacente nas inversións que se estean a realizar e na mellor xestión do orzamento e dos recursos municipais, para o ano futuro 2025, en 249.998,10 €.*
2. *O límite temporal para o gasto corrente de mantemento imputado á aplicación 33.920.22200 establécese en 5 anos.”*

Punto 4.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 1º trimestre de 2024

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 1º trimestre de 2024.

Punto 5.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 1º trimestre de 2024

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 1º trimestre de 2024.

Punto 6.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024002029 ata o 2024002739

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024002029 ata o nº 2024002739.

Punto 7.- Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro do grupo “Popular”, D. Antonio J. Corredoira Alfonso

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do escrito presentado polo concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. Antonio Javier Corredoira Alfonso, mediante o que renuncia a súa acta como membro desta Corporación (escrito Rexistro Entrada nº 2024009305, de 4 de maio de 2024).





CONCELLO DE
OLEIROS

Unha vez tratado o asunto de xeito formal, o alcalde D. **Ángel García**, sinala que ogallá tódolos representantes que forman parte desta corporación teñan un comportamento similar ó seu, polo seu aplomo cunhas intervencións sempre respectuosas; alégrese de ter compartido estes anos con él e sente que se vaia pero non sen antes felicitalo novamente polo traballo desenvolvido que, como dixo antes, foi sempre respectuoso e educado.

Intervén o concelleiro saínte, membro do grupo “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando que deixa o seu acta por problemas persoais alleos á vida política, foi unha honra ser concelleiro desta corporación e non sen antes felicitar a todos polo traballo que se desenvolve por Oleiros, en especial ós seus compañeiros de grupo e tamén ó Partido Popular que lle permitiu ter esta experiencia.

Sr. alcalde, aínda que ideoloxicamente poidan estar moi separados e aínda que poida haber certas formas que non comparte á hora de dirixir esta administración municipal, debe recoñecerlle o seu traballo ó longo de moitos anos polo Concello de Oleiros.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, agradecendo o labor desenvolvida polo Sr. Corredoira, dicindo que foi sempre de gran apoio para ela, tanto no ámbito profesional coma na persoal, porque Antonio é sobre todo unha boa persoa e iso en política, tamén se agradece.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, transmitíndolle todo o respecto á decisión do Sr. Corredoira, e dicirlle que sempre tratounos con respecto, educación e amabilidade, algo que é de agradecer neste concello neste intre tan crispado politicamente, desexándolle o mellor no futuro.

Intervén tamén o voceiro do grupo “Mixto” BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que aínda que moi afastados politicamente, debe dicir que Antonio Corredoira sempre tivo moi agarimo e empatía con el, o que lle ten que agradecer desexándolle todo bo para sempre.

De seguido, o Sr. **Corredoira Alfonso**, materializa a súa saída como membro da corporación, polo que a efectos de votación a totalidade de votos será de (18) dezaioito, pasando a ser (04) os do grupo “Popular”.

Punto 8.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

O alcalde D. **Ángel García**, expón que respecto das mocións a tratar, hai unha moción do grupo municipal “Popular”, que se vai tratar; tres que son mocións presentadas polo grupo municipal “Socialista” e unha moción presentada polo BNG e outra que ten carácter de rogo, segundo informe emitido pola secretaria municipal. Neste intre, dá a palabra ó grupo “Popular” para que presente a súa moción respecto ós funcionarios con habilitación de carácter nacional.

8.1.- Moción do goberno municipal “Popular” para garantir ás Administracións Locais a provisión de funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional, dependentes da Administración Xeral do Estado

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

Procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a Dolores Silva**, voceira do grupo municipal “Popular”:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Funcionarios de Administración Local de Habilitación Nacional son un corpo de profesionais que prestan un servizo fundamental, especialmente naqueles pequenos municipios de menos de 5.000 habitantes. A súa cualificación, garante e permite a acción dos gobernos locais, ademais de facilitar o seu axuste á legalidade vixente, por elo configúrase como elemento imprescindible para o axeitado funcionamento da administración local.

Sen embargo, compróbase que non se están a cumprir os obxectivos necesarios para, dunha banda, cubrir a alta demanda destes profesionais nas administracións locais y, doutra, reducir os altos niveis de interinidade que existen neste corpo de funcionarios.

En maio de 2022 publicouse o RD 408/2022 que aprobaba a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal na Administración Xeral del Estado e nestes intres ditos procesos de estabilización sofren un retraso notable co que isto supón de afección a estes profesionais e ás entidades locais onde prestan os seus servizos.

Así mesmo, en decembro de 2022 publicouse o Real Decreto Lei 20/2022 que, entre outras medidas, recolle unha oferta extraordinaria na escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, cun prazo de execución improrrogable dun ano. A isto engádese a publicación en xullo de 2023 a oferta de emprego público de 2023 que incluía no seu anexo IV a referente ás escalas de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

A pesar diso, os procesos selectivos de ambas ofertas; da oferta de emprego adicional de 2022 e da oferta de emprego de 2023 sofren a esta data un considerable retraso non xustificado, cuestión que é especialmente preocupante nas subescalas de secretaría-intervención, que concentra o maior número de prazas ofertadas e vacantes reais, prazas todas elas para municipios de menos de 5.000 habitantes, xerando un enorme e grave perxuízo ao traballo diario e á seguridade xurídica destes concellos.

Na última convocatoria do concurso ordinario de 2023 (BOE de 16 de xaneiro de 2024) na que se reflexa que o total de postos vacantes existentes é de 3.666, constátase que esta cifra supón máis do 47% dos recursos humanos que serían necesarios.

Cabe salientar a fixación do obxectivo de interinidade del 8% en el compoñente 11 relativo á Modernización das Administracións Públicas e que se contempla na reforma para a redución de temporalidade no emprego público dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión dos fondos Next Generation, presentado polo Reino de España ante a Unión Europea.

Por outra banda, a esta empobrecida situación, súmase con enorme preocupación a presentación das emendas de Junts per Catalunya e de Esquerra Republicana ao Proxecto de Lei pola que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenazgo (procedente do Real Decreto Lei 6/2023, de 19 de decembro) en virtude da cal,





CONCELLO DE
OLEIROS

os Funcionarios de Administración Local de Habilitación Nacional, serán denominados Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal, e todas as competencias sobre estes funcionarios corresponderá a todas as CCAA, polo tanto, dependerá distas a aprobación da oferta de emprego público, a selección e a formación de funcionarios. Supón en definitiva un grave ataque a garantía do desempeño de tarefas en termos de igualdade en todo o territorio nacional, á independencia e a obxectividade que debe rexer o seu labor.

É precisamente esa vinculación á Administración del Estado e non ás CCAA o que supón unha garantía adicional de independencia e obxectividade que non pode estar supeditada a 17 modelos distintos. A Administración Central debe reservarse as competencias de planificación, selección, provisión e formación que dean coherencia ás funcións que desenvolven os FALHN con imparcialidade en todo o territorio nacional garantindo polo tanto, a existencia de verdadeiros controis independentes nas Administracións Locais.

A dependencia da Administración do Estado foi sempre a regra, agás no período comprendido entre o ano 2007 e 2013, mediante a que se fixo unha cesión as CCAA en termos similares, converténdose nun fracaso operativo xerando importantes desigualdades en canto ás esixencias de acceso. Ante ese desacerto, a Administración do Estado, recuperou as competencias en materia de selección e formación no ano 2013.

Por todo o exposto, o grupo municipal “Popular” no Concello de Oleiros, presenta a seguinte proposta de acordos: Instar ó Goberno de España a:

- 1.- Impulsar as medidas necesarias para acelerar os procesos selectivos de estabilización, de funcionarios de administración local de habilitación nacional nas súas diferentes subescalas que están pendentes de resolución.
- 2.- Impulsar as medidas necesarias para acelerar os procesos selectivos das Ofertas de Emprego Públicos, adicional de 2022 e ordinaria de 2023 de funcionarios de administración local de habilitación nacional nas súas diferentes subescalas que están pendente de convocatoria.
- 3.- Ampliar o número de prazas en sucesivas convocatorias que permita cubrir o 100% das prazas vacantes do conxunto da administración local española.
- 4.- Manter as competencias sobre o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local de Habilitación Nacional correspondentes á Administración Xeral do Estado e garantir que non se ceda competencia ningunha ás Comunidades Autónomas.
- 5.- Dar traslado destes acordos á Federación Española de Municipios y Provincias.
- 6.- Dar traslado destes acordos á Presidencia de Goberno, ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública e, a súa vez, á Secretaría de Estado de Función Pública.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que esta moción trata sobre unha competición do Estado polo que debe tratarse nos parlamentos que corresponden, é dicir, no Estatal ou no Galego.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

grupo municipal “Mixto”-BNG) e **once (11) votos en contra** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a declaración da urxencia* en canto á moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

8.2.- Moción presentada polo grupo municipal “Socialista” sobre o financiamento da Xunta de Galicia en canto ó Servizo de “Axuda no Fogar” (SAF)

Procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a Carmen Acuña**, voceira do grupo municipal “Socialista” e que se transcribe na parte dispositiva.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes nesta sesión, é dicir, por **dezaoito (18) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que o seu grupo votará en contra agás que se substitúan os dous primeiros puntos, que imaxina que o grupo Socialista non vai querer, por demandar ó goberno do Sr. Sánchez cumpra coa súa obriga de cofinanciar ó 50% a atención á dependencia, tal e como establece a normativa. Para poder prestar un servizo público, como o SAF é necesario contar cos fondos necesarios e é precisamente aí onde o goberno central está a incumprir, Galicia aportou o 70% do custe e o Estado non ingresou o 30% restante, o que supón deixar de ingresar 150 millóns de euros, polo que á Xunta de Galicia gustaríalle poder contar con eses fondos para poder seguir incrementando servizos á dependencia.

O goberno galego incrementou o orzamento dedicado á dependencia e o compromiso da Xunta de Galicia é incuestionable, financiando un 70% dun servizo que é competencia municipal, polo que entendendo que non van querer modificar eses puntos, como dixo, votarán en contra, outra cuestión sería que polo concello se demandase arranxos nas residencias que o precisen.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que a Xunta non sabe o por qué, porque non quere ou non sabe, delega nos concellos a prestación do SAF aportando nada máis que 12 €/hora. Achan que este servizo debería prestarse pola Xunta de Galicia e se delega nos concellos, que polo menos lles dea todos os recursos necesarios para a súa prestación.

En canto ás residencias para maiores e as súas deficiencias, é unha máis da máquina demoledora do público e de promoción do privado que está a levar o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia que non cre no sistema público sanitario. En Oleiros vanse abrir dúas novas residencias de maiores privadas, unha en Oleiros e outra en

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

lñás, un modelo que se move entre dous extremos, por unha banda o negocio puro e duro e pola outra, a precariedade asistencial. Un negocio que está sendo controlado por empresas de fondos de capital que mesmo operan desde paraísos fiscais ou controlados por entidades vinculadas á igrexa católica.

A pandemia fixo agromar as deficiencias con toda a crueza este tipo de modelo de residencias e o que fai a Xunta é suplantar o modelo público polo privado, cando desde o BNG teñen unha visión moi diferente defendendo o coidado dos maiores a través dun servizo público que sexa garante dunha vida digna. A deputada oleirense Iria Taibo no Parlamento Galego, demandou a corrección dos problemas de saturación da residencia de Oleiros, a escaseza de persoal e a concorrancia de maiores con diferentes graos de dependencia, polo dito votarán a favor da moción presentada.

Intervén a concelleira delegada de servizos sociais do goberno de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Belén Taboada**, sinalando que están de acordo coa moción presentada polo grupo municipal “Socialista” en canto a que sería fantástico que a Xunta de Galicia dera máis recursos ós concellos pero, ó mesmo tempo, tamén amosa un certo descoñecemento do que acontece neste servizo en Galicia e en Oleiros e como dicía a voceira do PP, houbo unha modificación importante na lei pero que non se está a cumprir, dado que se prevía resolver en seis meses e resulta que se está a tardar máis tempo que antes.

En resume, máis cartos está ben pero baixo a opinión do goberno municipal hai que cambiar o modelo de dependencia en Galicia, sobre todo escoitando ós maiores, porque as persoas que queren SAF porque queren estar na súa casa si, pero as listas son interminables para as residencias, para os centros de día, por exemplo agora no concello existen 39 persoas usuarias do centro de día que se lle está a prestar o servizo de axuda no fogar por libre concorrancia par que podan axudalas no aseo e podan baixar ó bus para ir ó centro de día, non se entende que a día de hoxe teñan que elixir entre unha cousa e outra, porque todos e todas traballan e ven sendo moi complicada a vida para as familias que teñen persoas maiores ó seu cargo, pero centrándose na moción case que pediría votar a favor pero entende que a proposta é un pouco incompleta, aínda que claro que están a favor de que dean máis recursos.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que estando en parte de acordo co que remata de dicir a concelleira de servizos sociais, o certo é que houbo un incremento por parte da Xunta de Galicia á proposta que viña do Estado e cre que hai uns plenos propuxéronse unhas axudas da Xunta de Galicia e a concelleira de servizos sociais alegou que non ían solicitalas porque Oleiros non quería entrar nas camisetas que puxera a Xunta de Galicia, cre que esa foi a resposta.

A voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, intervén para deixar claro que existe un problema co SAF como demostra a queixa de tódolos concellos, cre que é unánime, porque existe unha falla de atención dos e das usuarias, unha queixa xeneralizada.





CONCELLO DE
OLEIROS

Non entende a postura dos que din que non apoian esta moción porque logo parece que Oleiros está encantado coa situación actual alegando que ou se transforma todo ou seguen como están, non é moi entendible.

Existe tamén unha proposta para un centro de maiores concreto de aquí, de Oleiros, do que non dixo nada ó respecto a concelleira de servizos sociais e en canto ó sinalado pola representante do Partido Popular, dicir que ou non lle pasaron ben os datos ou os números báilanlle, en tanto que a Xunta de Galicia baixou a aportación ó SAF e foi o goberno de Pedro Sánchez quen o incrementou, se a Xunta recorta e o Estado aumenta a aportación ós concellos non chega ¿Onde van eses cartos?.

Contesta a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, preguntando á concelleira de servizos sociais se dixerá que vai o proceso lento a qué se refería, porque o incremento da Xunta de Galicia...

Intervén en contestación a concelleira delegada de servizos sociais, D^a **Belén Taboada**, sinalando que durante estes últimos anos a Xunta pasou de 9 €/hora a 11 e agora a 12 €/hora, si incremento ese copago na dependencia, logo está a libre concorrência, na que a Xunta de Galicia dá a Oleiros 50.000 €, que ven sendo o investimento que fai o concello en canto ó SAF e non debería existir a libre concorrência nos concellos; en Oleiros estase a dar e por riba estana reforzando ás persoas que son usuarias da dependencia porque a precisan, entón o que existe é unha loita entre PP e PSOE e estase a falar dunha cuestión tan sensible e importante que desde logo vai por riba dos partidos políticos, son os nosos maiores, das persoas dependentes e con discapacidade e hai que tomar unha solución Na Xunta de Galicia deben escoitar ó persoal técnico, porque nin as súas direccións xerais escoitan, entéranse das modificacións ó mesmo tempo que se enteran os concellos pola prensa, a este concello non chegou ningunha resolución de terceiro grao de dependencia desde que houbo a nova normativa porque están colapsados e resulta que lle falta a resolución porque non pensaron cando saíu publicada na lei a reforma que tiñan que preparar un formulario para resolver e para notificar, iso é o que lles falta, nin saben como facelo as propias delegacións territoriais, de aí que dixerá que deben escoitar primeiro ós seus propios profesionais técnicos e tomalo moi en serio porque isto vai rebentar e non faltará moito.

Anuncia o alcalde, D. **Ángel García**, que van modificar o seu sentido de voto e engade que o traballo que se realiza en Oleiros coñéceno moi ben a veciñanza porque se realiza diariamente un esforzo titánico nesta área de servizos sociais e aínda que as eivas que pode ter a xestión desta materia por parte da Xunta de Galicia, é certo que houbo diálogo e incluso ocasións de chegar a acordos, pero o que sí é certo que a Xunta de Galicia debe aportar máis recursos ó concello e de aí que voten favorablemente a moción presentada.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada polo grupo municipal “Socialista”, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **catro (04) votos en contra** (catro (04) do grupo municipal “Popular”).

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación aproba a moción presentada polo grupo municipal “Socialista” que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe. Correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios para determinar o financiamento que debe aportar cada Administración.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta mentres que son os Concellos os que teñen a competencia na prestación do servizo.

Pero na realidade o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos. A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. Pero dende a consellería xustifican a escasa dotación de prazas públicas en residencias, ca idiosincrasia galega que segun eles, propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas. Polo que eles limitáanse a modificar as autorizacións para ir incrementando cada vez mais o número de horas que pode prestar cada concello. Pero claro, máis horas e máis persoas supón máis gasto económico para o noso concello, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social da Xunta.

Consellería que ademais mantén controlados os custos do servizo, pois é quen ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, provocando que os gastos municipais se disparen cada vez mais porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación e que ademais se encarece ano tras ano.

O concello de Oleiros ten asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, a través do orzamento municipal e sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia. Pois a Xunta a pesar de ser quen debe asumir ese incremento do gasto reduciu, sen embargo, os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros, mentres que o Goberno socialista do estado aumentou esas achegas nese ano en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros do ano 2022 aos 65,2 millóns de euros do ano 2023, e incluso destinou importantes fondos estatais para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España.

En resumo, o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida e mentres quen responde o incremento de usuarios e do prezo na atención de cada un é o Concello

Por todo isto dende o Grupo Municipal Socialista do Concello de Oleiros propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS, instando a Xunta de Galicia a:

1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asume o Concello de Oleiros
2. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que Oleiros non teña que asumir o financiamento e poida desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.





CONCELLO DE
OLEIROS

3. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.

4. Solicitar de forma inmediata a Xunta as melloras que precisa a residencia pública de maiores de Oleiros e tanto nas deficiencias e deterioro do edificio, como nos materiais que se utilizan a diario, solucionando as carencias e déficits do persoal, a todas luces insuficiente para poder atender aos residentes, que alí se aloxan, con garantías.”

8.3.- Moción presentada polo grupo municipal “Socialista” sobre modificación da Ordenanza municipal nº 30, de celebración de vodas e acollementos civís

Procede a dar lectura á moción presentada polo grupo municipal “Socialista” o concelleiro do nomeado grupo, D. **Jesús Fernández**, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialista de Oleiros entende, tal e como recolle a lexislación, que as taxas están para costear o custe dos servizos e non consideramos por tanto ético nin lexítimo que os cartos da taxa que pagan os veciños de Oleiros por vodas ou acollementos civís vaian destinados ao peto dos concelleiros polo que traemos ao pleno unha proposta de modificación da ordenanza para eliminar a que consideramos unha mala práctica.

Froito da nosa labor propositiva e de control e fiscalización seria e rigorosa que facemos dende o Grupo Municipal socialista de Oleiros, queremos denunciar o que consideran un escandaloso uso que se fai cos cartos que os veciños e veciñas de Oleiros pagan para celebrar unha voda ou un acollemento civil.

A Ordenanza 30 é clara ao establecer unha taxa pola prestación de servizos municipais con ocasión destas celebracións civís de 120 euros, sen posibilidade de aplicación de exencións ou bonificacións na aplicación de dita taxa. Deses 120 euros que pagan os veciños, os concelleiros cobran 100 euros o que consideramos un auténtico escándalo, máis tendo en conta que os 13 Concelleiros e o Alcalde xa cobran todos polo seu traballo, e non pouco xa que xunto cos 7 asesores contratados a dedo, suman 800.000 euros ao ano, cerca do 2% de todo o orzamento municipal. É dicir, que as vodas son en termos coloquiais o que se podería chamar un “sobre soldo”.

É unha vergoña que os cartos dos veciños sirvan para que o Alcalde premie con outra paga a certos concelleiros, e non ten xustificación cando xa cobran polo seu traballo, todos, os 13 concelleiros e o Alcalde.

É imprescindible por saúde democrática a modificación da “Ordenanza 30 Taxa celebración vodas e acollementos civís” para que se elimine a posibilidade de que Concelleiros que xa cobran dedicación polo seu traballo cobren dobremente aos seus veciños.

Cobrar unha dedicación exclusiva como concelleiro e cobrar dobremente por oficiar vodas ou acollementos civís é unha vergoña, unha mala práctica e un escándalo dende o punto de vista ético que supón unha tomadura de pelo aos veciños que teñen que costeala, polo que propoñemos que sexa eliminada.

Por todo o exposto, dende o Grupo Socialista no Concello de Oleiros solicitamos ao Pleno que adopte os seguintes ACORDOS:





CONCELLO DE
OLEIROS

- 1- A modificación da “Ordenanza 30 Taxa celebración vodas e acollementos civís” para que se elimine a posibilidade de que Concelleiros que xa cobran dedicación polo seu traballo cobren dobremente aos seus veciños.
- 2- A modificación da “Ordenanza 30 Taxa celebración vodas e acollementos civís” para que se elimine o custe ou sexa adaptada a sufragar os custes reais do servizo, non cobrando os concelleiros e concelleiras en ningún caso.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que considera que o único escándalo que hai aquí é a actuación do concelleiro que remata de intervir, falar de que a compensación dese gasto é un escándalo xa me contarán, porque se está a disposición da veciñanza en calquera día festivo, de mañán ou de tarde, porque neste concello se lles deixa elixir os contraíntes o día e hora, cuestión que cre que en ningún outro concello faise, e ter que deixar á familia insiste en que a calquera hora e en calquera día festivo, soportar outros gastos para acudir acorde ó acto que vai celebrar, considera que non é ningún escándalo, polo que non procede máis debate e pasa directamente á votación da urxencia.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **once (11) votos en contra** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”). En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

8.4.- Moción presentada polo grupo municipal “Socialista” sobre modificación das Ordenanzas do IBI e ICIO para impulsar á mellora medioambiental coa instalación de renovables

Da orde do alcalde, dá lectura ó texto da moción presentada do grupo municipal “Socialista” o seu concelleiro, D. **Jesús Fernández**, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Impulsar a mellora medioambiental esixe a aposta municipal dando exemplo. A día de hoxe temos que establecer un plan a curto e medio prazo para converter ás cubertas de edificios municipais en xeradoras de enerxía eléctrica, dotándoas de paneis fotovoltaicos e temos a obriga de buscar liñas de subvencións externas para acadalo.

Investir en implementar sistemas de xeración renovable de enerxía é mellorar o medioambiente é aforrar. O Concello debe de dar exemplo pero tamén estimular aos veciños.

A día de hoxe a Ordenanza fiscal nº 10, reguladora do imposto sobre bens inmoables establece, “unha bonificación do 50% da cota, durante os cinco períodos impositivos seguintes ao de finalización da súa instalación...cando:

“...os inmoables teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Para a aplicación desta bonificación será necesario:

a.-Que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² de superficie





CONCELLO DE
OLEIROS

construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 1 kw por cada 100 m2 de superficie construída.

...c.- Que a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar non sexan obrigatoria de acordo coa normativa aplicable”.

É dicir, que dentro do marxe que permite a Lei de Facendas Locais, Oleiros esixe instalar moita superficie de colectores ou paneis segundo o tamaño da vivenda e, por outra banda, establece o período máximo de bonificación en 5 anos. No caso dos aproveitamentos solares térmicos esixe 4 m2 por cada 100 m2, o cal supón moita superficie de colector se só é para quentar ACS, é dicir, na práctica só entran nesta bonificación aquelas vivendas que teñan instalado chan radiante ou piscinas.

A día de hoxe a tecnoloxía foi derivando cara á produción solar fotovoltaica polo que cómpre apoiala máis. E tamén cómpre apoiar á mobilidade eléctrica, que permite unha bonificación do 50% da cota a favor dos inmobles nos que se teñan instalado puntos de recarga para vehículos eléctricos.

No ICIO (Imposto de Construción e Obras) podería, potestativamente, establecer unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalación ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. Esta bonificación non está recollida na nosa ordenanza.

Polo que dende o Grupo Municipal Socialista, pedímoslle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que o Concello de Oleiros redacte un plan a curto e medio prazo para converter ás cubertas de edificios municipais en xeradoras de enerxía eléctrica, dotándoas de paneis fotovoltaicos.
2. Que o Concello de Oleiros busque liñas de financiación para acceder a axudas para estes fins.
3. Que se modifique a Ordenanza fiscal nº 10, reguladora do imposto sobre bens inmobles, para que a bonificación do 50% da cota por instalación de enerxía fotovoltaica nas vivendas sexa:
 - Eliminando o prazo de 5 anos -sen límite de tempo- sempre e cando as instalacións estean operativas en uso ou alongandoo polo menos ata 10 anos.
 - Que a potencia fotovoltaica instalada cubra polo menos o 20% da potencia eléctrica contratada ca subministradora de electricidade (eliminando así a ratio de 1Kw cada 100 m2).
 - Que se estableza a bonificación do 50% da cota a favor dos inmobles nos que se teñan instalado puntos de recarga para vehículos eléctricos.
4. Que se modifique a Ordenanza fiscal nº 10, reguladora do imposto sobre bens inmobles, para que a bonificación do 50% da cota por instalación de sistemas de aproveitamento térmico instalados non vaia vinculado a dispor dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m2 por cada 100 m2 de superficie, senón a que sexa un sistema de aproveitamento enerxético completo e verificado.
5. Que o Concello de Oleiros aplique unha bonificación do 95% no ICIO a favor das construcións, instalación ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.”





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que este concello xa ten recollido e regulado estas situacións, con redución do pago do IBI e polo tanto, non é urxente ó non aportar nada novo ó xa existente.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **once (11) votos en contra** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”). En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

8.5.- Moción presentada polo grupo municipal “Mixto”BNG sobre a xestión de residuos no modelo Nostián

Antes de pasar ó tratamento da moción, polo voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, aclara que logo o rogo é a iniciativa presentada en canto á posta en marcha inmediata de medidas de fomento do uso da bicicleta contempladas no Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), ó que lle responde afirmativamente o alcalde, D. Ángel García, sinalando que é un rogo a petición de instalación dunhas bicicletas, sí o é a de Nostián porque trata dun asunto que afecta á veciñanza e ademais, dun xeito especial, outra cuestión será que estean de acordo ou non coa moción.

Neste intre dá a palabra ó voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, que expón a moción que se transcribe:

“Exposición de motivos:

En Galiza, debido ás maiorías a nivel institucional do Partido Popular, a incineración, con toda a carga negativa que implica no referente á preservación medioambiental do noso país, é, a día de hoxe, a forma de xestión dos residuos maioritaria nos concellos galegos.

Fronte a unhas políticas públicas de tratamento do lixo irresponsábeis desde o punto de vista social e insostíbeis dende o punto de vista ecolóxico conformouse un modelo alternativo en torno á planta de tratamento de residuos de Nostián. Trátase, en esencia, dunha proposta que, desde o verde, aborda a problemática do lixo non coma un negocio senón coma un servizo público básico e esencial á hora de contribuír a manter a calidade do noso hábitat, cumprindo uns parámetros mínimos de eficiencia funcional e económica que permitan a súa viabilidade no tempo. Mentres o PP e o seu entramado empresarial, social e económico apostou decididamente por SOGAMA e a combustión de residuos como xeito de tratar o noso lixo, desde o BNG defendemos un modelo alternativo compartido con colectivos ecoloxistas, axentes sociais e persoas individuais. Defendemos Nostián como un modelo de tratamento de lixo que, apostando pola reciclaxe, pode ofrecer un servizo competitivo, asumíbel e de calidade á Coruña e á súa área de influencia.





CONCELLO DE
OLEIROS

Lamentablemente a realidade de Nostián a día de hoxe dista moito de ser desexada. A inacción e o desleixo, a falta de diálogo, de investimento e mantemento, convertéronse desde hai anos na pauta de actuación predominante do Concello da Coruña, propietario desta planta, chegando a poñer en risco a súa viabilidade.

Nostián é a demostración de que temos capacidade para levar adiante e consolidar no tempo proxectos realmente ambiciosos destinados, como é o caso, a mellorar a calidade de vida da xente e do noso medio natural. Máis diálogo e cooperación entre concellos e máis servizos públicos pensados desde un punto de vista social resultarán en maior calidade de vida para a nosa veciñanza.

Seguir funcionando cunha concesión que rematou no ano 2019, resulta insostíbel á altura do ano 2024. É imprescindible que se axilicen os trámites para unha nova licitación do servizo. Á vez, é necesario que, por unha cuestión de democracia e transparencia, se busquen formulas para que os concellos do Consorcio das Mariñas que son indispensábeis para que Nostián siga funcionando, poidan participar na toma de decisións.

A aposta pola reciclaxe realizada nas últimas décadas polo Consorcio das Mariñas, coas súas eivas e contradicións, é a constatación de que é posíbel un modelo alternativo mais fai falta altura de miras para abrir a xestión do lixo en Nostián ao conxunto de concellos que queiran participar do proxecto para sermos todos cotitulares e corresponsábeis do seu bo funcionamento.

En atención ás demandas de boa parte dos traballadores da planta de Nostián, así como do tecido asociativo ecoloxista e medioambientalista e para dar resposta á preocupación creada en torno ao tema da xestión e tratamento do lixo na veciñanza do noso concello. trasladamos ao pleno os seguintes ACORDOS:

- 1.- Instar ao Concello da Coruña a axilizar os trámites para a nova licitación da concesión da planta de tratamento de residuos sólidos de Nostián, por ser este un imperativo legal que dota ademais de seguridade xurídica e viabilidade operativa, o proxecto ambiental que sustenta as instalacións.
- 2.- Instar ao Concello da Coruña a abrir unha mesa de diálogo cos concellos do Consorcio das Mariñas e coa propia entidade supramunicipal, así como con todos aqueles municipios que se queiran sumar, co obxecto de avanzar nunha formulación que permita a cotitularidade e corresponsabilidade sobre Nostián que aposten por este modelo para o tratamento de residuos.
- 3.- Instar ao Consorcio das Mariñas e aos concellos que o integran a apostar por Nostián á hora de licitar o servizo de tratamento, transporte e eliminación de residuos urbanos.
- 4.- Apoiar a manifestación que terá lugar o sábado 25 de maio ás 12 do mediodía con saída dende a Casa da Auga da Coruña convocada polo Comité de Empresa de Albada en defensa dun “Futuro para a Planta de Nostián”.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes neste intre na sesión, é dicir, **dezaioito (18) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG; once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).





CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que o modelo húmido seco que é o que se aplica na planta de Nostián non cumpre coa recollida selectiva, é unha normativa que obriga da directiva do marco de residuos da Unión Europea e ineficiente na recollida selectiva, provocando que non só a fracción restos, senón tamén a orgánica, remate por ser depositada no vertedoiro. Estas planta rematarán por perder a metade dos ingresos que na actualidade reciben pola separación de envases lixeiros dado que, ó non ser consideradas como recollida selectiva, a norma establece que só se aboará o 50% dos custos da fracción de resto, pero non é algo que diga a Xunta de Galicia senón que é unha directriz da Unión Europea e tamén, o propio goberno central.

En Galicia a día de hoxe conviven dous modelos de xestión de residuos, a diferenza entre eles radica na distinta separación que fan en orixe dos residuos municipais, que é a que determina o tratamento que se fai a posteriori. Esta circunstancia estivo vencellada á opción escollida polas distintas entidades locais galegas e toda vez é a que a estas entidades correspóndelles tomar tal decisión.

O modelo multilateral, que é o de SOGAMA, conta con 295 concellos que están adheridos ó mesmo e baséase na valoración enerxética dos residuos non reciclables, minimizando o seu vertido. Segundo este modelo húmido seco de Nostián e do que falaban e a súa recollida, separada en tres fraccións, os envases de vidro, papel-cartón, a fracción orgánica, o bioresiduos e que constitúe a fracción húmida e quedando unha fracción resto, a seca, na que están presentes os envases lixeiros, envases de plástico, metal e briks. Estes materiais que non contarían cunha recollida específica. Se non é necesario que o actual modelo húmido-seco que existe en Galicia acade unha evolución e un grao de desenvolvemento que permita cumprir con todas as normativas e que vai requirir, polo tanto, unha profunda transformación e actualización das instalacións, coa fin de facilitar ese correcto reciclaxe de residuos. A entidade local, deberá valorar as posibilidades que se ofrecen, as alternativas existentes á hora de optar por unha opción ou outra.

Intervén na representación do grupo “Socialista” o seu concelleiro, D. **Jesús Fernández**, dicindo que en primeiro lugar quere comentarlle ó Sr. Roca que non se engana cando sinala que en Galicia a maior forma de xestión dos residuos é a incineración, no mal chamado complexo de SOGAMA, en Cerceda, o tratamento principal que se produce é a incineración dos residuos que, ademais, deben secarse previamente para o que precisan para tal fin inxentes cantidades de gas natural para aumentar o seu poder calorífico, o cal aumenta a emisión de gases de efecto invernadero.

Pero quere facer unha serie de puntualizacións porque, a respecto da concesión, non é certo que rematara no ano 2019 porque no contrato actual da concesión, sinalábase que a súa duración sería por 20 anos, prorrogados por períodos dun ano, ata un máximo de cinco pero, con todo ó rematar o contrato, o contratista debe continuar prestando ese servizo esencial ata que realizado o novo concurso público haxa un novo adxudicatario, aínda que





CONCELLO DE
OLEIROS

comparten que a situación, desde logo, non é a ideal e debe procederse a licitar de novo o contrato á maior brevidade e cando sexa posible.

En todo caso e como todo é discutible, existe unha sentenza que sinala que a concesión administrativa de obra pública consistente no tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos prestarase nas mesmas condicións que rexen no contrato, polo tanto, a prestación segue a ser a mesma.

Tamén, sería interesante de cara a falar con criterios das cousas, poñer enriba da mesa un acordo de colaboración entre o Concello da Coruña e o Consorcio As Mariñas sobre xestión conxunta do tratamento de eliminación dos residuos na planta de Nostián, que entende que o alcalde e os concellos da área coñecen, un convenio que segue vixente e fala das obrigas nun convenio que segue vixente e publicado en novembro de 2019 e que permite a participación dos concellos do Consorcio As Mariñas na licitación, na mesa de contratación e en todo o proceso da nova planta.

Respecto ós traballadores, apoio total e de feito, propoñen que inclúan na moción o compromiso de que Oleiros siga en Nostián, co resto dos concellos do Consorcio, porque na actualidade se está a atender a unha poboación duns 400.000 habitantes, sendo 250.000 do concello da Coruña, se os concellos do Consorcio abandona o proxecto Nostián, deixaría de entrar un 40% menos de residuos, coa redución evidente tamén do 40% de empregados, que deixarían de ter o seu posto garantido, polo que apoiar ós traballadores é tamén elixir un modelo máis eficiente medioambientalmente falando e máis sostible.

¿Por qué se chega a este punto? Porque no portal de 2022 publicouse o anteproxecto de licitación para a nova planta de tratamento de residuos de Nostián e, evidentemente, supón un incremento de custes, polo que o plantexamento inicial era unha vixencia da planta de 15 anos, se a futura explotadora desa planta ten que soportar o investimento a realizar nese prazo de 15 anos, incrementará o canon resultante a satisfacer polos concellos usuarios, porque a tonelada de residuos a tratar medra en custe e como houbo retencencias porque se estaba a falar dun intre xusto pre electoral, a ningún alcalde da área empezando pola alcaldesa da Coruña e seguindo polo alcalde de Oleiros, antes de maio de 2023 interesáballe botar para adiante esta licitación que conlevaba unha subida do recibo da recollida do lixo porque, ó final, a poboación o que quere é que llo recollan e pagar canto menos mellor. Decía antes, que había que facer uns matices, porque ó final é furtar do debate aspectos fundamentais, por exemplo, que desde xaneiro de 2023 entrou en vigor o imposto ó vertedoiro e iso supón un incremento de 30 €/tonelada de residuo a tratar ou, no caso da incineración e incluso en SOGAMA, 10 € máis por tonelada e o 2 de xaneiro de 2024 entrou en vigor unha nova normativa que impón un imposto para os gases de efecto invernadero que vai entre 6,5 e 11,8 €/tonelada polo tratamento de residuos, é dicir, que na realidade vai supoñer un aumento no custe no tratamento dos residuos ¿Cal é a posibilidade de facer que a taxa por tonelada varie? Que se saque unha licitación aumentando o período de explotación da concesión para que o prezo por tonelada baixe e o resto son cantos de serea porque é certo que o BNG defende un modelo diferente pero ¿Canto tempo leva gobernando o BNG no concello de Pontevedra? Porque verte en SOGAMA ó igual que en Carballo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o contrato de concesión do servizo da recollida do lixo no Consorcio remata o ano que ven e sacar unha nova licitación implica recoller no prego de condicións que rexerá a licitación todos os aspectos relativos á mesma, condicións, custes, medios, onde se vai depositar o lixo, etc.

Dito isto, o que é certo é que Nostián hai seis anos que había que ter renovado o contrato e debe ser o concello da Coruña que é o que xestiona a planta de Nostián a través de ALBADA, como concesionaria do servizo, polo que insiste en que pasaron seis anos e agora parece que urxe e que hai que tomar unha determinación e en días pasados ata un concelleiro da Coruña falaba con él de que había que se reunir para abordar o tema e as novas que teñen é que en breve, no futuro máis inmediato, sobe o prezo por tonelada en Nostián a 120 €, mentres que en SOGAMA custa 73 € e a cuestión é que non están a favor da incineración de SOGAMA pero a realidade é que en Nostián tampouco se fai reciclaxe e se envían os restos sobrantes a un vertedoiro sito en Sobrado dos Monxes que, os que están fóra da Coruña, teñen que pagar a parte, é dicir, pagar a ALBADA e logo eses rechazos hai que pagar para levalos a ese vertedoiro, unha situación insostible para os concellos da comarca da Coruña.

As negociacións que se estaban a levar a cabo era entre o Sr. Santiso, presidente do Consorcio, do PP e o Sr. Laxe, concelleiro da Coruña, do PSOE, e os demais entéranse do que lles din, pero agora parece que esas negociacións están bloqueadas e ten moi preocupados e nerviosos ó goberno municipal da Coruña, polo que hai que arranxar esa situación porque mentres tanto o Consorcio non pode sacar a súa licitación dado que non van poñer que se van tratar os residuos na planta de Nostián nas condicións que dixo e queren saber canto vai custar levalos a Nostián, que queren facelo, pero insiste en que deben saber previamente o custe, polo que debe resolverse canto antes porque o recibo do lixo subiu un 30% e segundo parece que queren volver subir o ano que ven, insiste en que se está ante un tema grave que hai que resolver e insiste en que a intención do concello é apostar por Nostián pero deben saber en que condicións.

Solicita a palabra e intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que unha boa maneira de que a planta de Nostián se convertese na planta máis eficiente, e non é certo que non se trate e se recicle, pero para un mellor funcionamento da planta estaría coa implicación de todos os concellos da comarca e da cidadanía para que se separase axeitadamente o lixo, co que o proceso na planta sería máis económico e os rexeites serían moito menores e iso pasa pola implicación de todos e se pode seguir botando a culpa ó Consorcio ou ó Concello da Coruña, pero cantas sancións impuxo o concello de Oleiros por non reciclar o lixo porque está farto de botar o lixo e levalo tamén ó punto limpo e está cansado de ver deposición fóra do punto limpo ou ver restos de obras ou pinturas nos contedores ¿Cantas sancións lévanse impostas?; ¿Cantos restos de poda ve cando vai tirar o lixo? Si se quere apostar por Nostián todas e todos deben facer o que está nas súas mans e non é outra cuestión que se recicle axeitadamente.

O seu grupo achegou a este pleno unha proposta cre lembrar que no mes de novembro e onde se propoñía que había que rotular os contedores axeitadamente, que había que instalar algún tipo de información, para que a xente non poda alegar que non coñece a norma e o que non se pode facer. Si se observa a entrada de camións a diario





CONCELLO DE
OLEIROS

na planta de Nostián pódese observar como ó baleirarse escoitase perfectamente o cruxir de restos de obra, por exemplo, e iso non debería terse depositado nos contedores normais, é dicir, unha das eivas que implica que a planta de Nostián non funcione de xeito correcto e iso tense que empezar a facer desde aquí, é unha cuestión de vontade política, e os modelos Nostián-SOGAMA deberían a día de hoxe ser complementarios e se a cidadanía galega reciclara en orixe axeitadamente SOGAMA non tería capacidade para tratar o residuo orgánico, podería tratalo Nostián e ó revés, os rexeites que saíran de Nostián poderíanse tratar en SOGAMA.

Polo alcalde, D. Ángel García, entrando de cheo na parte dispositiva dos acordos que propón a moción e en canto ó punto primeiro, de instar ó Concello da Coruña a axilizar os trámites para a nova licitación da concesión da planta de tratamento de residuos sólidos de Nostián, ten que dicir que iso estase continuamente pedindo desde o Consorcio, mesmo él na Deputación pediullo o outro día ó Sr. Laxe, polo que iso se está a facer.

En canto a instar ao Concello da Coruña a abrir unha mesa de diálogo cos concellos do Consorcio das Mariñas e coa propia entidade supramunicipal, están cansos de falar de diálogo pero parece que o Sr. Laxe só quere falar co Sr. Santiso e ós demais non lles deixan intervir nesa negociación, parece que se entenden moi ben os dous, por iso non poden apoiala porque, insiste, o que se pide estase a facer xa.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, acadándose o resultado de **tres (03) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e dous (02) do grupo municipal “Socialista”); **once (11) abstencións** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **catro (04) votos en contra** (catro (04) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación rexeita a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.

*** rogos e preguntas**

8.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre discriminación na implantación da zona ORA no concello

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Unha vez máis prodúcese un olvido por parte do concello en canto a ofertar alternativas ou melloras para o aparcamento ós veciños, por iso pedimos que implemente a tarxeta para residencia ou unha sen cargo que poida solicitarse no concello para aqueles que estean censados en Oleiros.

En nada, xa desde o 1 de xullo ata o 15 de setembro, sete días á semana, en horario de 12 a 20 h., todos e todas terán que proceder ó aboamento dunha tarifa que pode chegar a supoñer uns 150 € de custo mensual a cada veciños que faga uso das prazas marcadas en cor azul durante o horario de mañá.

Actualmente Oleiros presenta unha carencia importante de prazas de aparcadoiro e que se ve agravada coas obras nalgúns zonas nesta vindeira época estival e esta medida de implantar a ORA, lonxe de aportar solución ven afondar nese problema, sen ofrecer alternativa a cambio, perxudicando directamente á veciñanza que pagan os seus impostos neste concello e que se consideran agraviado fronte ós e ás usuarias doutros municipios. De feito, no programa electoral recolleron claramente o establecemento de zonas de aparcamento para residentes ou medida para aplicar descontos directos nos parquímetros ós propios oleirenses. Non poden pagar





CONCELLO DE OLEIROS

o mesmo quen cotizan en Oleiros que quen o fan noutros concellos, por iso o grupo municipal “Popular”, unha vez máis, solicitando do concello que implemente unha tarxeta para residentes.”

8.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxos varios na zona de Sta. Cristina, Rúas Humboldt e Linneo

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“Lembrámoslle que en Sta. Cristina hai xa bastante tempo caeu o muro da prazo quedando ó descuberto unhas raíces que retiraron recentemente. Pois ben, no mesmo espazo atópase un árbore danado cunha zona seca e nunha zona inestable. Deste mesmo espazo caeron as vallas e o muro non ten a suficiente altura para garantir unha mínima seguridade e moito máis nestes intres. Aproveitando que están a arranxar as Rúas Humboldt e Linneo, rogamos que procedan á reparación desta zona.”

8.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre medidas a adoptar na praia de Sta. Cruz para facela apta para o baño

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Una ano máis a praia de Sta. Cruz non é apta para o baño, rogan que se tomen as medidas definitivas para evitar a contaminación das augas da contorna moi frecuentada por familias con pequenos e pequenas.”

8.9.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo dos lavadoiros de Xubín e Fonte de Álvaro

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Xa no anterior pleno presentaron este rogo, solicitando á reparación completa dos lavadoiros de Xubín e Fonte de Álvaro, dado que presentan unha falla de mantemento que provoca o seu deterioro. Aínda que nestes intres non teñan unha utilidade real, forman parte do noso patrimonio cultural e por elo deberíanse de coidar. Insiste no rogo de que se teña en conta esta situación e se proceda ó seu arranxo antes de que se deteriorens máis.”

8.10.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo da ponte sobre o Río Seixo

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Rogan ó concello que se proceda ó arranxo completo da ponte do Río Seixo, nas inmediacións do núcleo de Sta. Cruz, dado que presenta un estado deplorable debido á humidade que fai que se pudra a madeira. Viron como se chegaron a repoñer algunhas das travesas, deixando outras deterioradas á espera dunha mellor ocasión, a barandilla sobre tamén un deterioro polo verdín. Xa saben que resulta custoso, pero consideran necesario contemplar o mantemento anual daqueles elementos urbanos feitos en madeira para a súa mellor conservación con algún tratamento específico.”

8.11.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre problemas de aparcamento nas urbanizacións do concello e sancións impostas pola Policía Local

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista de Oleiros solicita a través deste rogo que se informe aos veciños e veciñas que teñen dereito a aparcar en urbanizacións privadas que para elo deben estar acreditados como residentes. Fai uns días os veciños dalgúns urbanizacións, como por exemplo en Vía Buccino, foron multados pola policía local por ter os seus vehículos aparcados diante das súas casas. Podo dicir que eu mesma vivín nesa urbanización máis de 7 anos e nunca vira nada igual pero nin eu nin moitos dos que alí habitan polo que esa medida levantou moitas queixas. Pregámoslle ao Sr Alcalde que esas sancións vaian precedidas dun aviso informativo sobre a necesidade de ter ben arranxada a residencia especialmente agora que chega o verán e se recrudece o problema de aparcamento no concello.

Ó fío disto tamén recibiron en días pasados unha queixa por parte dalgúns veciños de Perillo non poden acceder ós seus garaxes, solicitando colaboración da Policía Local por mor das obras que se estaban a executar”

8.12.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre tratamento de potabilización das fontes municipais

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“No Pleno pasado preguntamos o Sr. García sobre as fontes do Concello, queríamos saber cantas e cales son. É dicir, cantas e cales temos sen tratamento de potabilización, cantas e cales con tratamento de potabilización propio e cantas e cales conectadas á rede de abastecemento de auga de consumo público controlado. Pero vostede preferiu non contestar mostrando un total descoñecemento e respecto pola saúde pública. Pois ben hoxe lle pedimos por medio deste rogo que teña vostede a ben rotular adecuadamente as fontes de Oleiros para evitar correr o mínimo risco de saúde, xa sabe, auga sen garantías sanitarias, auga non apta para consumo humano, auga sen cualificar e auga potable ou apta para o consumo, e ten que facelo ademais á maior brevidade posible porque o verán está aí xa.”

8.13.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre información de bens legados ó concello por M^a Luisa Meijide

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista de Oleiros solicita a través deste rogo información sobre uso de bens legados ao concello de Oleiros por Maria Luisa Meijide Pardo, catedrática de Historia e periodismo e autora de varias obras nas que analizaba a situación da muller, faleceu sen descendencia testando a prol do concello cedéndolle un chalé en Oleiros e un piso en Coruña na esquina entre a Avda. Finisterre e a Praza de Pontevedra. “Esta mestra coñecía o labor social que facemos en Oleiros e por iso así o recoñeceu con esta doazón, estamos aínda vendo que facer pero queremos que funcionen como vivendas tuteladas, casa de acollida para colectivos desfavorecidos e mulleres maltratadas” declaraba o Sr alcalde daquela na prensa. Sabemos que ese piso foi rehabilitado daquela con bastante profundidade e que foi amueblado pola mesma tenda que o despacho do concelleiro de comunicación, e sabemos que se están aboando recibos de auga dese piso, o que non sabemos e si dende o ano 2017, que faleceu a Sra. Meijide o Sr. alcade xa ten claro a que dedicar esa propiedade, rogamos nos informe do uso que se lle está dando, cantas e que tipo de persoas desfavorecidas se viron beneficiadas por esa doazón ata o de agora e, sobre todo, que quede constancia fehaciente de que o Concello está a cumprir coas obrigas derivadas de aceptar a herdanza e non a pon en risco por non cumprir cos designios da boa e xenerosa Sra. Maria Luisa Meijide Pardo.”

8.14.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre sistemas de contratación de expedientes municipais

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Analizando a documentación sobre a Conta Xeral que levou a última Comisión Informativa atopámonos co seguinte reproche do Interventor Municipal que di, textual: “convén avanzar nas contratacións que son periódicas que responden a necesidades estruturais que non deberían facerse mediante contratos menores senón a través do procedemento de contratación correspondente...” É dicir, o Interventor apunta novamente ao mesmo que xa trouxemos nos ao pasado Pleno nunha moción que nos impediu debater e ata ler, na que solicitabamos a racionalización do gasto público evitando adxudicación “a dedo”, agrupando contratos e licitando conxuntamente. Polo que pedimos a través deste rogo que o concello nos escoite e tal como pedíamos na moción que:

O concello contrate, vía licitación agrupada e aberta, os traballos de mantemento, conservación e reparación de pavimentos, beirarrúas, áreas peonís e do mobiliario urbano en vez de seguir facéndoo como ata o de agora a golpe de contrato menor adxudicado “a dedo”, establecendo como importe desta licitación a media destinada nos últimos 5 anos a este tipo de traballos para obter unha mellora substancial do estado do espazo público, xa que ao agrupar os traballos producírase un menor custo pola economía de escala a medida, que se traduciría en máis traballos con igual custo.”

8.15.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre mal uso no depósito do lixo en contedores e punto limpo

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Recentemente o alcalde queixouse publicamente polo mal uso que se fai por parte dalgúns de contedores e puntos limpos. Compartimos a inquedanza. De feito nos trouxemos ao Pleno de Novembro unha moción na que pedíamos entre outros:





CONCELLO DE OLEIROS

- Limpeza, reparación, e colocación inmediata en todos os contedores de Oleiros de pegatinas indicando os horarios de depósito, o tipo de residuos que se poden botar dentro de cada tipo de contedor, como xestionar os residuos voluminosos e aparatos eléctricos e o horario e ubicación do Punto Limpo.
- Ter un espazo permanente, actualizado, e accesible na web municipal adicado a sostibilidade e a mellora da calidade da recollida de residuos urbanos.
- Impulsar medidas de fomento do emprego dos composteiros para a boa xestión dos residuos orgánicos.
- Poñer en marcha campañas de participación cidadá na reciclaxe con incentivos que xa están a aplicar noutros concellos do estado.

Polo que pregamos que poña en marcha estas medidas e que unha vez que ninguén poda alegar ignorancia sexa multado, porque máis aló da denuncia interesada que fixo o concello este verán sobre unha persoa coñecida que depositou residuos fora dos contedores non hai constancia de denuncias por incumprir ca labor cívica de coidar o de todos. E se vostede ten constancia de roubos nos puntos limpos que a Policía Local e a Garda Civil tomen as medidas oportunas porque hai que asumir que o concello ten competencias en materia de seguridade e debe ser, como tal, ademais de crítico ca labor dos demais, competente coas propias.”

8.16.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre pegada acústica do Aeroporto de Alvedro

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Ministerio de Transportes, coa súa habitual soberbia feudal, volve aprobar unha pegada acústica que afecta gravemente a moitos inmóbeis que rodean o centro de Montrove, parte do Seixal e do Castro. A nova pegada, desatendendo absolutamente todas as alegacións efectuadas por veciñas e Concello é ampliada unilateralmente polo Estado. O Concello anunciou as medidas técnicas e xurídicas externas que fosen necesarias. Pedimos ao Concello que faga unha labor de acompañamento continua ás veciñas afectadas e que demande a creación dunha Comisión especial do aeroporto tal e como xa existe en Culleredo.”

8.17.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre creación dunha nova Escola Infantil 0-3 anos en Nós

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Os datos non deixan lugar a dúbidas: en Oleiros é moi necesario crear unha quinta escola infantil para a etapa de 0-3 anos que se sume ás catro xa existentes na actualidade. Segundo os datos de matriculación que se veñen de coñecer, 104 nenas e nenos quedan polo de agora en listaxe de espera, a maioría na Escola Infantil da Canteira, en Perillo. O Bloque segue e seguirá a defender que o emprazamento máis adecuado para esa necesaria quinta escola infantil de 0-3 anos sexa a parroquia de Nós, a terceira do municipio de habitantes (tras Liáns e Perillo) e que, porén, vén tendo unha moi evidente défice histórica en servizos.

Pedimos ao Concello que considere unirse a esta demanda.”

8.18.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre creación de paso de peóns a carón do Parque Rosalía Mera

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A recente apertura do parque Rosalía Mera fai prever un incremento de visitantes e veciñas a esta área de lecer. Á altura do Parque coa Rúa do Mar achamos máis que necesaria a creación dalgún paso de peóns, cómpre lembrar que se trata dun “atallo” bastante empregado polos vehículos privados como alternativa á conxestionada AC-173, se callar máis nas inminentes datas estivais.”

8.19.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre melloras na Festa do Libro

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“É coñecida a demanda de fomento do comercio local que o BNG de Oleiros introduce día si e día tamén, ao igual que a defensa da cultura nas súas variadas dimensións. Boa iniciativa a da primeira Festa do Libro a iniciativa das nosas librarías e dunha asociación chamada Asociación Galega de Escritores (non confundir coa Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega) escritoras que escriben case unicamente en español. Non temos constancia da colaboración preferente das nosas loureiradas bibliotecas municipais no deseño da Feira, nin dos servizos de normalización lingüística do Concello, nin da Asociación de Escritoras en Lingua Galega
Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE OLEIROS

fundada no ano 1980 por algúns/algunhas dos/as escritores/as máis sobranceiros/as da nosa historia literaria e dela foron membros Álvaro Cunheiro, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ricardo Carvalho Calero, Uxío Novoneyra, Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Xela Arias e Luisa Villalta (escritora a quen irá dicado este ano día das Letras Galegas) entre outros/as e cuxo presidente é veciño de Oleiros. Tampouco está incluída no calendario de Feiras do libro organizadas pola Federación de Librarías da Galiza.

Pedimos ao Concello de Oleiros que en vindeiras ocasións teña en conta estas imprescindíbeis achegas que fagan de Oleiros unha referencia no eido da cultura das nosas autoras e tamén das nosas librarías. Reiteramos os parabéns pola iniciativa."

8.20.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre execución de beirarrúas na Avda, Salvador Allende

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"No treito da Avenida Salvador Allende (AC 221 autonómica) , na súa marxe esquerda que vai dende a rúa Francisco Añón até a rúa Veiga, non existe beirarrúa/beiravía nin paso de peóns para acceder á outra marxe da avenida onde si hai beirarrúas. A estrutura urbana e de edificación (numerosos inmóbeis, parada do autobús) obriga aos peóns a circularen polo arcén cos riscos potenciais existentes. Esta é unha demanda veciñal consolidada e coñecida polo Concello. Rogamos ao Concello que esta demanda veciñal sexa atendida na parte que lle poda corresponder."

8.21.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre arranxo da beirarrúa da Rúa da Golpe, en Perillo

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal "Popular", D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

"Na Rúa da Golpa (Perillo) coméntalles a veciñanza da zona, cuestión que comprobaron, do deterioro total da beirarrúa e que reclamaron en numerosas ocasións o seu arranxo sen ter resposta ningunha sobre to tema ¿Para cando van proceder ó seu arranxo?."

8.22.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre a reforma e obras de conservación no Mercado de Perillo

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal "Popular", D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

"Para cando unha reforma integral do Mercado municipal de Perillo, que axude a súa revitalización. Algúns postos precisan de actuacións importantes, incluso por problemas de salubridade ¿Teñen constancia dalgunha nova iniciativa neste Mercado?."

8.23.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre control do estado de fincas con malezas no concello

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Popular", D. **Jaime Núñez**, sinalando:

"En distintas zonas de Oleiros pódense observar como moitas fincas presentan un estado de abandono que dá lugar a que estea asilvestradas e cheas de maleza, o que fan proliferar a presenza de roedores e incluso, reptís ¿Qué solución poden dar nesas circunstancias? E ¿Cando presentarán algunha medida ó respecto?."

8.24.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre control do estado de fincas con malezas no concello

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Popular", D. **Jorge Platas**, sinalando:

"¿Que aconteceu co informe xeotécnico do espazo destinado ó edificio multiusos? Do que tiveron coñecemento a semán pasada e ¿Vai supoñer afrontar agora un sobrecuste?."

8.25.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" relativa ós problemas de vivenda no concello

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

"Sobre o problema da vivenda xa intentamos este debate como Moción que vostedes impediron debatela, polo que hoxe a presentan como pregunta.

Que en Oleiros se constrúen moitas casas e moitas urbanizacións de luxo é evidente, e que ademais as casas non levan o mesmo ritmo que leva a ampliación de carreiras e de servizos que os habitantes desas casas





precisan, tamén. Pero ademais é evidente que en Oleiros existe unha gran dificultade para que a poboación con un nivel adquisitivo baixo ou medio, poda acceder a unha vivenda debido o elevado dos prezos e tanto para mercar como para alugar.

O goberno do Estado acaba de por en marcha unha Lei polo dereito a vivenda onde se contempla a figura de zoas tensionadas para aliviar o problema, alí onde concorren, pensamos nós, as mesmas circunstancias que temos en Oleiros.

Pois ben, a nosa pregunta é ¿Por que o concello de Oleiros non lle pide a Xunta de Galicia, que é quen ten que facer o estudo, que analice se efectivamente Oleiros é, ou non é, zona tensionada para que no caso de selo se poidan aplicar nel as medidas que a nova Lei de vivenda contempla?."

8.26.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" relativa á falla de xunta de voceiros en Oleiros

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"Oleiros é o único concello da área metropolitana dese tamaño que non ten constituída a Xunta de Portavoces, e claro un se pregunta por qué, dado que é un órgano deliberante e consultivo onde os acordos se adoptan por votación en onde se poderían tratar temas que non teñen cabida nun único e cada vez máis recortado e amordazado pleno de Oleiros.

Hoxe nos plantexa vostede de novo unha modificación do ROM para amordazar e censurar aínda máis aos grupos da oposición, pois ben, senón quere que pensemos que vostede quere gobernar Oleiros sen oposición, algo máis propio dun rexedor caciquil que dun alcalde que presume de Che Guevara, polo que queren que lles diga ¿Cando vai conformar e botar andar a Xunta de Portavoces do Concello de Oleiros?.

8.27.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" relativa ás "Merendiñas"

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

"Como seguro que vostede xa sabe Sr. García eu son ourensá. Sí, desa provincia tan ligada ao PP de Baltar e por iso coñezo tan ben o tema das festas para maiores.

Baltar era famoso entre outras cousas por organizar xuntanzas de maiores onde tamén daba de comer e facía bailar as persoas maiores e onde incluso el mesmo chegaba a tocar o trombón de varas. Xuntanzas moi cuestionadas e criticadas por ser pouco democráticas xa que a todas luces eran un intento de mercar vontades a través do estómago.

Pois ben díganos Sr. García: Onde está a diferenza entre as merendiñas que facía o Sr Baltar en Ourense e as que fai vostede aquí en Oleiros? Cantos cartos do orzamento público de Servizos sociais se inverten niso? ¿Como xustifica ese gasto? Non creen vostedes que estarían moito mellor gastados eses cartos cubrindo necesidades de atención e coidados de persoas maiores que viven soas e en precario no concello sin ir mais lonxe?."

8.28.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" relativa á valla existente na zona do Paraíso

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"O Dragado e rexeneración ambiental da ría é iso, un dragado ambiental. É a resposta a anos de reclamacións de mariscadores e veciños afectados. E o proxecto, de 40 millóns de euros, ten unha declaración de impacto ambiental para unhas determinadas obras, contando con financiación comunitaria polo que calquera variación podería supoñer a deseselección e perda de tal financiación europea.

O proxecto, lembremos ambiental, non contemplaba nin un paseo marítimo nin en O Seixo nin en O Paraíso. Contemplaba unha senda na zona de O Paraíso, con carril bici que non poido ser executada dado que nese emprazamento xa había unha de similares características promovida polo Concello. O Concello pide entón desprazar este carril-bici ao bordo litoral facendo un recheo de 3 m de ancho ou encaixar unha senda sobre o talud, o cal non está na declaración de impacto ambiental do proxecto polo que podería perderse a financiación europea.

Polo que cómpre facer agora un proxecto específico e mentres se tramita é posible conectar o vial de modo provisional para dar continuidade ao paseo, tal como estaban a facer os veciños sen maior problema ata que o alcalde pechou e puxo candado. ¿É posible deixar mellor a zona? Sí, e nos o apoiamos pero todo leva o seu tempo polo que ¿Cal é o motivo real de que prive aos veciños do desfrute desa conexión do paseo?."





CONCELLO DE
OLEIROS

8.29.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa a eivas no proxecto do Multiusos de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“No “Prego de prescricións técnicas para a contratación da redacción do proxecto básico e de execución de “edificio Multiusos en Bastiagueiro”, asinado en xullo de 2021 polo 5º Tenente Alcalde Delegado de Obras Públicas incluíase un estudo xeotécnico do ano 2005 que dicía:

“2) El nivel freático atópase moi preto da superficie, por encima de la cota de soto.

3) ... parecen recomendar la práctica de una cimentación a base de pilotes cuxas puntas se empotren en el macizo rocoso esquistoso, localizado entre 6,80 y 18,3 m. de profundidad.”

No BOP de 1 de marzo de 2023 recolle un anuncio de Augas de Galicia correspondente á solicitude de autorización de obras que fixo o Concello de Oleiros por atoparse nas marxes do río Bastiagueiro.

Por outra banda no Pleno de decembro nós preguntamos polo estrano que era que so unha empresa se presentase á licitación de 12 millóns e esiximos o compromiso de que non habería sobrecustes, e o alcalde evitou responder. O anuncio de que hai que pilotar e de que aumenta o custe é a confirmación de que estábamos no certo.

Non é so que non haxa un estudo de retorno da inversión nin dos custes de mantemento para unha inversión que se come a metade do orzamento de inversión de varios anos, é que o feito de que so unha empresa licitase daba a entender tal como afirmamos que “podería ser que non estivera ben orzamentado, ou que non estivera ben definido, ou que faltasen unidades de obras non contempladas, ou que as unidades de obra non estiveran ben cuantificadas, ou que presentase algunha circunstancia en todo caso anómala que fixo que non houbera competencia na adxudicación”.

Polo exposto anteriormente, como é posible que tanto o Alcalde que coñece ben a zona como un concelleiro que hai 3 anos asinou un informe que deixa constancia da necesidade de pilotar para cimentar nos queiran convencer agora de que é unha sorpresa a necesidade de pilotar a cimentación e aumentar o custe da obra por presenza de auga? É unha broma?.”

8.30.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó remate das obras do paseo da Ría Oleiros-Cambre

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A finalización da obra do paseo da Ría entre Oleiros e Cambre (tan cacarexada e publicitada polo Estado) é hoxe un coitus interruptus, nin continuidade do paseo, nin zonas de baño para cidadanía, con talla de árbores furtadas polo Estado, cascallos e todo tipo de restos e sobre todo o abandono ás mariscadoras desprotexidas no económico cando menos durante 24 meses e con Xunta e Estado a pasar a pelota e eludindo as súas responsabilidades para con este colectivo . Unha obra que non debería ter sido recepcionada. O BNG xa anunciou que defenderá todas estas cuestións onde faga falta (Estado, UE).

O Concello denunciou parte destas eivas, mais non ouvimos nada do abandono das mariscadoras denunciado pola Confraría e polo BNG ¿Cal é a súa postura sobre este tema?.”

8.31.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó uso do Torreón Bescansa

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“No pasado pleno de xaneiro preguntou polos usos que se lle estaban a dar ao Torreón Bescansa, reformado a fondo hai xa uns anos e que nun primeiro intre ía ser destinado para local para a mocidade, proxecto que no calou, e con posterioridade foron levadas para alí algunhas dependencias de servizos sociais.

No mes de abril foi “prestado” ao Estado para que dende o mesmo se poida notificar o levantamento das actas aos propietarios afectados da expropiación da Ponte de Pasaxe. Descoñecemos a onde se trasladaron os servizos alí radicados, mais ¿Non considera que isto proba unha certa infrautilización das instalacións?.”

8.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ós Portos de Sta. Cruz e Mera





CONCELLO DE
OLEIROS

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“No BNG queremos denunciar máis unha vez a situación de deterioro e abandono na que se atopan os portos de Santa Cruz e Mera. Os devanditos portos de Santa Cruz e Mera atópanse integrados nos paseos marítimos de ambas localidades e nomeadamente o de Santa Cruz perdeu seu uso pesqueiro. A realidade é que é utilizado para diferentes actividades de lecer relacionadas co mar e para paseo de veciños e visitantes. Se houber calquera accidente, nesta zona “portuaria” de teórico acceso “restrinxido” xa podemos imaxinar os arbitrarios razoamentos que a Xunta empregaría para lavar as maos.

¿En que estado se atopan as xestións das negociacións de cara á cesión das infraestruturas portuarias de Mera e Santa Cruz ao Concello, previa completa restauración por parte da Consellaría de ambas instalacións portuarias?.”

8.33.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó colector de saneamento na Rúa Bartolomé de las Casas

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Cada vez que chovía con certa continuidade rexistrábase un novo episodio de vertidos e fedores nauseabundos no comezo da Rúa Bartolomé de las Casas, na parroquia de Nós, procedente da obsoleta rede de saneamento que dá servizo á zona. Na actualidade após novas canalizacións de Concellos e Xunta seguimos cunha diagnose parecida, asolagamentos sen cheiros, mais asolagamentos en todo caso. O Concello de Oleiros substituíu xa hai uns anos (cun orzamento de 188.000 euros) o colector de saneamento, na parte que pertence a Oleiros na Rúa Barcala, co gallo de dotalo de maior capacidade hidráulica e dunha maior estanqueidade que evite infiltracións de augas e dotalo de maior pendente alén de garantir o seu correcto funcionamento en períodos de choiva.

¿Acha que o devandito colector, alén das claras responsabilidades de Xunta e Concello de Cambre, cumpriu os seus obxectivos dados os continuos e actuais rebordamentos nesta zona da Gándara?.”

8.34.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa á liña de transporte metropolitano en Oleiros

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Dadas as eivas, só atribuíbeis á Xunta, no transporte metropolitano en Oleiros mil veces denunciadas polo BNG, o Concello decidiu facer trocos na liña municipal que até o de agora chegaba ao Burgo para así atenderen as áreas máis demandadas.

Entenden que estas áreas tamén serán as máis necesitadas e abandonadas polo transporte público. Seguro que áreas como Nós ou Iñás verán incrementada a súa oferta, son dúas das áreas nas que máis e mellor incidía esta liña até O Burgo. Dende o BNG gustaríamos de saber e coñecer eses estudos que aconsellan modificar a liña e no seu caso ás necesidades da cidadanía e como foi consultada.”

Unha vez rematada a quenda de presentación tanto de rogos e preguntas formuladas polos grupos políticos municipais, D. **Ángel García**, procede a súa contestación.

En canto ó primeiro rogo presentado polo grupo “Popular” á posibilidade de editar unha tarxeta para residentes en zona ORA e cada vez que chega o verán estase ante o mesmo rogo, calquera veciño pode aparcar en calquera zona do municipio e non existen aparcadoiros reservados para ninguén, agás aqueles veciños que pagan a súa reserva de espazo diante das súas vivendas.

Insiste no xa dito moitas veces en canto a que en Sta. Cristina, todas as rúas circundantes á praia non son zona ORA, só a fronte marítima e nesas vivendas todos teñen aparcadoiro privado e practicamente todas con reserva de espazo; outra concepción teñen os hostaleiros da zona porque antes sen ORA viñan os cidadáns a disfrutar da praia de mañán e tiñan en primeira liña e nos mellores espazos para aparcar o seu vehículo todo o día e non existía alternancia nas prazas e entende que foi a mellor medida que puideron tomar para isto, acontece en Mera, Bastiagueiro ou Sta. Cruz tamén, aínda que nesta localidade é unha zona moi pequena e ademais débese ter en

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

conta que tódalas vivendas que están a carón do Parque Luis Seoane contan con garaxes privados e os comercios e hostalería opinan o mesmo que os de Sta. Cristina, aplauden a alternancia nas prazas para que así poidan visitar os seus establecementos.

O muro caído en Sta. Cristina, xa o contestou noutra ocasión, é un muro privado e o propietario é quen ten que arranxalo, chega con acometer as obras públicas e só faltaría que tiveran que facerlle tamén obras ós propietarios; en canto ó tema da praia de Sta. Cruz, debe dicir que é apta para o baño, aínda que as súas augas non teñan a cualificación de excelente e estanse a preocupar de facer análises cada quince días e se queren seguir danando á localidade de Sta. Cruz poden seguir coa mesma ‘cantinela’ que veñen repetindo tantas veces e seguindo con Sta. Cruz e o rogado sobre a ponte do Seixo, xa está arranxado e estase a facer unha nova ponte para instalala e para rematar cos rogos do PP, dicir en canto ós lavadoiros, insiste no xa dito noutras ocasións hai uns 80 lavadoiros e fontes ó longo do termo municipal e actúase neles cando se pode, aquelas fontes que son usadas pola veciñanza están impecables, con auga potable, e as fontes de Mera, tanto a de Canide coma a de Canabal, teñen un auga de calidade pode case que envasarse directamente.

A respecto dos presentados polo grupo “Socialista” e sobre o dereito a aparcar en urbanizacións privadas, pódese aparcar onde se poda, non existen urbanizacións privadas, as rúas son públicas...

Neste intre a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, contesta que logo por que multaron na Rúa Buccino e sábese ben porque viñeron protestar ó concello...

Segue coa súa contestación o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que descoñece isto e se os multaron sería porque infrinxiron algunha norma e insiste en que en Oleiros non existen rúas privadas en urbanizacións, sobre o segundo rogo do PSOE contestar o mesmo a respecto das fontes municipais que remata de explicar, no que atinxe ó legado da insigne Sra. Meijide Pardo e saben por que o fixo, porque admiraba o traballo feito pola Alternativa dos Veciños e así llo fixo saber, admiraba o traballo feito en Oleiros que non o vira en ningures, e díxolles que as súas pertenzas cando finara as cedería ó concello para que sirvan ó pobo e teñen o uso que lle poida dar o departamento de servizos sociais e sobre o tema da contratación que tamén presentaron, dicirlles que o concello cumpre a norma de contratación de xeito escrupuloso e nada máis que dicir sobre ese tema e no rogo derradeiro presentado polo grupo “Socialista”, en canto a contedores e puntos limpos dicirlle que dependen do Consorcio “As Mariñas” que ten contratada unha empresa que é a responsable e quen ten que tomar medidas e non ten cada concello que vixiar as actuacións da cidadanía cando existe unha empresa que cobra pola prestación deste servizo.

Das propostas do BNG, en canto ó dito sobre o Ministerio de Transportes, o concello teno denunciado e neste intre o departamento municipal de urbanismo está estudando a presentación dunha alegación contra AENA porque lles parece indignante que tendo gañado un pleito o concello con motivo da imposición da anterior pegada, agora pretendan ampliála outra vez, tiveron que reducila e agora veñen cunha ampliación, parécelle unha tomadura de pelo por parte do devandito Ministerio e por parte de AENA porque quere tamén salientar que os voos están a incumplir a norma porque entran desde Dexo pero na saída saen por Nós, para aforrar combustible, pero iso non

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

o dín e Nós non está recollida na pegada sonora, nin lñás, nin unha parte de Oleiros. Sobre a construción dunha nova escola infantil no concello, lamentablemente agora nacen menos nenos agora, aínda que en Oleiros é menor esta eiva na natalidade porque ven moita xente a vivir, pola cantidade de servizos e equipamentos existentes, que claro queren vir residir aquí e centrándose na proposta, dicir que realmente no tramo de idade onde existe algunha eiva é nos de 1 a 2 anos, no resto de idades existen prazas escolares sen problema, pero certo é que levan xa un tempo pedindo á Xunta de Galicia a construción dunha nova escola infantil, porque non se pode esquecer que é unha competencia autonómica.

No que respecta ó Parque Rosalía Mera, dicir que está contratada unha empresa que está a pintar espazos de paso, reformar as baixadas das beirarrúas, que se están a facer en moitas zonas do municipio e de aí que xa ten coñecemento que nesa zona do Parque Rosalía Mera ten que pintar un paso de peóns; o da Feira do Libro e o fomento do comercio local, dicir que é unha liña que para o goberno municipal é prioritaria e de aí que este ano se organizase esta primeira Feira do Libro, pero toman nota do exposto no seu rogo para mellorar se é o caso e no treito da Avda. Salvador Allende, están cansos de pedir da Xunta de Galicia, que é a titular, ó igual que na zona de Agra e O Cubo, pero non o fan e seguirán insistindo e ben é certo que nese tramo existente entre Vilanova para adiante é un perigo constante para os peóns se non se melloran esas beiravías ou se executan dunha vez beirarrúas que non se conforman con que se executen beiravías.

De seguido, procede a contestar as preguntas formuladas e, en canto ás do grupo “Popular” e a beirarrúa da Rúa da Golpa, dicir que estes arranxos son diarios e en canto a esa rúa en concreto, existe un proxecto onde se van reparar beirarrúas, tamén na Rúa Etiopía e en máis.

Para cando a reparación integral do Mercado Municipal de Perillo, para cando lles dean a subvención quen a ten que dar, o goberno central e autonómico e sobre a posibilidade de existir fincas con maleza ó longo do termo municipal, dicir que coa cantidade de auga que houbo nesta última época e cunhas raioliñas de sol que haxa, xurde a maleza por tódolos lados e como son milleiros de fincas en Oleiros que están a campo, pois pode haber algunha que estea nesas condicións pero tamén hai que matizar que neste intre é moi complicado atopar alguén que faga ese traballo, non existen moitas, e aínda que o concello require a súa limpeza a veciñanza tamén atópase nun intre de indefensión porque insiste en que non atopan a profesionais que lles fagan ese traballo, polo que hai que ter un pouco de sensibilidade e paciencia con este asunto...

Aclara a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que falan de fincas que están moi descoidadas e que adoitan proceder de herdanzas que non se sabe moi ben quen ten a propiedade...

Segue coa súa quenda de contestación o alcalde, Sr. **García**, dicindo que ó longo do concello existen moitas nesas condicións, ou que residen no estranxeiro e curiosamente máis na zona norte, incluso o campo de fútbol do Xabroón, aínda deben xustificar a parte da súa titularidade porque outra parte é municipal porque está formalizado en escritura pública, agora parece que veñen uns cidadáns que dín que teñen parte, pois van ter que demostralo con documentos, neste caso escrituras, pero son moitos, e trátase dun campo que se leva usando polo Marino de

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

Mera pensa que por uns cen anos e segundo a lei, cando se disfruta dunha propiedade por máis de 30 anos tes uns dereitos adquiridos pero, se demostran con documentos que son titulares desa parte do campo respectarán por suposto o seu dereito.

No proposta sobre a Rúa Lamalonga, está en estudo mellorar a súa circulación e en canto ó informe xeotécnico do solo onde se vai executar o Multiusos, parece que existe unha parte do terreo onde o técnico contratado non entrou a facer o estudo xeotécnico e ó final existe un sobrecoste importante, de todos é coñecido que o pilotaxe elevadísimo, porque son centos as columnas que se están a cravar no solo, algunhas con ata 18 m. de profundidade e agora xa está feito un estudio en condicións e agora coñecen onde actuar pero e que se está a falar dun incremento preocupante e logo apareceron cinco mananciais que parecen cinco ríos, polo que hai que facer unhas modificacións importantes que se están traballando nelas...

Pregunta a voceira do grupo "Popular", Sra. **Silva**, se non existe a posibilidade de facer unha reclamación pola deficiencia nese primeiro informe por non entrar en toda a superficie...

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que o técnico baseouse nun informe da periferia e o ámbito é todo, non só os extremos senón que tamén ten que entrar no interior e ante a pregunta do Sr. **Roca**, si se coñecese iso faríase alí o Multiusos, contesta o alcalde que valoraríase o gasto que supón agora.

Sinala o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, que iso xa se coñecía no ano 2005, ó que lle responde negativamente o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que non é así porque o que había era un informe feito daquela maneira e encargado pola Deputación provincial porque quería facer alí un campo de fútbol e, incluso, desviouse o río, que ía por onde está agora o Multiusos. Engade o Sr. **Fernández**, concelleiro do grupo "Socialista", preguntando ¿Non informou Augas de Galicia?, ó que lle responde o alcalde, Sr. **García**, que non puxo ningún tipo de reparo, polo que recoñece que vai haber un incremento no custe inicial.

Segue contestando o alcalde, D. **Ángel García**, respecto da pregunta do grupo "Socialista" sobre a construción de nova vivenda coas mesmas vías de comunicación, dicir que se fixo a Vía Ártabra, a ampliación da Rúa da Besta, que pasou de 5 a 12 m. de ancho, moitas actuacións, agora estase ampliando a estrada de Montrove a Sta. Cruz, estradas novas produto da execución de novas urbanizacións, o enlace entre Xaz e a Vía Ártabra, estanse a executar moitas actuacións en canto a mellorar a mobilidade municipal, sobre a pregunta formulada de constitución da xunta de voceiros, verán de formalizala un destes días; o das merendiñas...

Neste intre, prodúcese debate entre a voceira do grupo "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña** e o alcalde, Sr. **García**, en canto á posible utilización política deste evento (as merendiñas) onde a primeira poñía como exemplo o que facía neste tema o Sr. Baltar, presidente da Deputación de Ourense, e o Concello coa organización do evento, ó que o alcalde defende a organización do mesmo e engade que lle parece un insulto á cidadanía a insinuación de que se deixa comprar con estes actos.





CONCELLO DE
OLEIROS

Insiste a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, en que parece que o alcalde vive nunha realidade paralela e que debe preguntar á veciñanza a súa opinión a este respecto e se considera que é mellor destinar eses cartos a atender ós maiores a través dos servizos sociais municipais.

Insístese tamén polo alcalde, D. **Ángel García**, no escrito presentado en canto a que pode considerarse unha compra de vontades que pouco respecto ten á veciñanza se pensa que se deixan comprar coa organización destas festas populares e con todo o respecto que lle merece o pobo de Ourense, aquí en Oleiros existe unha cultura e mente moi aberta e rexeita que ós asistentes os trate de estómagos agradecidos tal e como puxeron no escrito. Sobre o balado no Paraíso, non as vai sacar ata que executen como deben ese tramo do paseo, unha zona que ademais a ten que manter Costas, non o concello, unha obra que non está acabada e por riba, é perigosa. Finalmente, as preguntas presentadas polo BNG e en canto ás obras do paseo entre Oleiros e Cambre, dicir que esa obra non vai rematarse ata que non aborden o proxecto que teñen que facer unindo Cambre co paseo feito, totalmente illado, con Beiramar e esa é a loita que están a librar.

Pregúntalle o voceiro do BNG, D. **Iván Roca**, sobre o abandono no que quedaron as mariscadoras con motivo do dragado da ría, respóndelle o alcalde, D. **Ángel García**, que foi mariscador e cre que se fixo un deterioro grande da Ría, na parte baixa, cre que na de arriba sí había que sacar lodos pero na parte baixa non había que sacar tanta area, nin nas canles, porque estando a Ría contaminada, as canles non porque nunca quedaban en seco, porque a Ría da Pasaxe renova a auga dúas veces en 24 horas e precisamente, esas zonas das canles estaban cheas de ameixas e berberechos e por iso cre que esa obra que rematan de executar foi perxudicial nese senso, xa se verá e cre que a día hoxe existen poucos mariscadores, nun son e outros non, o que pasa é que como hai axudas tódolos meses pois benvinda sexa. Cando mariscaba era de outubro a xaneiro e logo, a esperar a o próximo outubro e parécelle moi ben que algún defenda cobrar tódolos meses as axudas pero, desde o seu punto de vista, non está xustificada iso, estaría unha vez se abra a veda e non poidan mariscar, mentres tanto non, esa é a súa opinión. Seguindo coas preguntas e no que atinxe ó Torreón Bescansa, segue a ser utilizado polo departamento de servizos sociais, con citas nalgúns días para estar cos técnicos municipais do departamento e sobre os portos, xa saben que está pedida a cesión dos de Sta. Cruz e Mera e aínda non saben nada e ante a pregunta de si se producise un accidente, responde que o culpable será o titular, a Xunta de Galicia, porque o Estado tenos cedido á Xunta os dous e cando o concello pediu ó Estado rexenerar a praia de Sta. Cruz, desde o Estado contestáronlle que se tiña o concello cedido o porto que poderían levar a cabo a obra...

Ante a pregunta da voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, de que xa tivera unha xuntanza co conselleiro, contéstalle o alcalde, Sr. **García**, dicindo que é certo que o conselleiro aínda lles contestou en días pasados e o que alega é que están co conflito Estado-Xunta en canto a esta cuestión, cando se aclaren falarán.

Segue rematando as contestacións o alcalde, D. **Ángel García**, e sobre o tema da Rúa Bartolomé de las Casas, existe un problema grave, hai anos as feais do Concello de Cambre, as do Polígono Industrial e unha parte importante





CONCELLO DE
OLEIROS

do concello pasan pola tubaxe da rede de sumidoiros de Nós e aí agora tres anos aproximadamente o concello levou a cabo unha ampliación da tubaxe, que aínda está por rematar porque por debaixo da Autoestrada do Atlántico non lles deixaron cavar como pretendían, por iso esa parte da obra segue sen rematar e o problema grave é que Cambre, no Polígono Industrial, non ten pluviais e cando chove todo remata na rede de sumidoiro e engadido a isto, existe unha empresa xaponesa que exporta polbo e que produce uns restos que verten á rede a través dunhas bombas e cando se xunta todo, coa auga da choiva etc, estoupa precisamente na zona da Rúa Bartolomé de las Casas, no mesmo punto sempre, polo que o concello de Cambre ten que facer as obras necesarias para solucionar isto e a Xunta de Galicia debe requerirille.

Para rematar, o servizo do bus municipal están mirando cambialo e na xuntanza que mantivo nestes días pasados co representante da Xunta de Galicia, requeriran en varias ocasións que os buses que ían a Mera chegaran ata Dexo, vano facer, polo que a frecuencia pasa de telo de hora en hora a 30 minutos e así xa non precisa o bus municipal que había, ese era un cambio, pero tamén obriga a cambiar percorridos tódolos cambios habidos na configuración do propio municipio durante estes anos, porque este bus municipal leva como uns 20 anos funcionando, e antes ía ó Burgo porque non existían centros comerciais en Oleiros e agora nese aspecto, non ten sentido ningún ir ó Burgo a comprar e existe unha media a día de hoxe dunhas 17 persoas, é dicir, unhas 30 e pico persoas diarias e cun custe duns 80.000 €, hai que reestudalo e ver a posibilidade de facer dous nudos, un Nós-Iñas e outro unha parte de Dorneda-Maianca-Serantes, é dicir, un estudio para que este medio de transporte realmente dea servizo á veciñanza.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.33 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en corenta e unha (41) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

